

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de maio de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> María Xosé Méndez Piñeiro

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de maio de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(796).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE E INSTALACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS E DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA CASTRO CATIVO 2008. EXPTE. 2755/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 15.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, que di o seguinte:

*A vixente lexislación (artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local) outorga ao municipio, entre outras competencias, aquelas relativas a actividades ou instalacións culturais, así como ás de ocupación do tempo libre. Nesta liña, o Concello de Vigo está a organizar as Festas de Verán 2008.*

*O programa Castro Cativo é un evento lúdico-educativo encadrado dentro das Festas de Verán, dirixido principalmente ao público infantil e mozos, na procura de ofertar un espazo de lecer do que carece a cidade.*

*A tal fin, o programa articula no entorno do Monte do Castro (Paseo de Rosalía de Castro e contorno do circuíto de seguridade vial), a instalación de diversos equipamentos lúdicos, deportivos e obradoiros, dende o 4 ao 14 de agosto, nun horario de 17:00 ás 21:00 horas. A programación do propio parque vaise complementar*

*coa programación de teatro infantil prevista por esta Concellería no escenario a situar no actual aparcadoiro do Castro, dende o 7 ao 13 de agosto.*

*O servizo de Animación sociocultural non conta cos medios idóneos para satisfacer o obxecto deste contrato, polo que se fai necesario acudir á contratación externa deste servizo.*

*O artigo 93.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, establece que a iniciación dos expedientes de contratos debe iniciarse polo órgano de contratación.*

*Á vista do exposto, e coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

**PROPOSTA.**

*“Que se acorde a iniciación do expediente de contratación do servizo de montaxe e instalación de infraestruturas e de desenvolvemento de actividades do programa Castro Cativo 2008, consonte o artigo 93.1 da Lei 30/2007.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**2(797).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN PARA AS FESTAS DE VERÁN 2008. EXPTE. 2752/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 13.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, que di o seguinte:

*A vixente lexislación (artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local) outorga ao municipio, entre outras competencias, aquelas relativas a actividades ou instalacións culturais, así como ás de ocupación do tempo libre. Nesta liña, o Concello de Vigo está a organizar as Festas de Verán 2008.*

*As ditas festas de verán que se están a programar contarán cunha serie de actividades e espectáculos, moitos deles novidosos, que deben comunicarse dunha maneira adecuada co fin de que a súa divulgación sexa suficiente a todos os públicos aos que van dirixidos. Para logralo, proponse unha serie de accións comunicativas, todas elas baixo o paraugas dunha mesma identidade visual, cuxa produción constitúe o obxecto do presente contrato.*

*O servizo de Animación sociocultural non conta cos medios idóneos para satisfacer o obxecto deste contrato, polo que se fai necesario acudir á contratación externa deste servizo.*

*O artigo 93.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, establece que a iniciación dos expedientes de contratos debe iniciarse polo órgano de contratación.*

*Á vista do exposto, e coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

**PROPOSTA.**

*“Que se acorde a iniciación do expediente de contratación da campaña de difusión e comunicación para as Festas de Verán 2008, consonte o artigo 93.1 da Lei 30/2007.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(798).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE REFORMA E ADAPTACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 2751/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 19.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, que di o seguinte:

*A vixente lexislación (artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local) outorga ao municipio, entre outras competencias, aquelas relativas a actividades ou instalacións culturais, así como ás de ocupación do tempo libre. Entre as ditas instalacións atópase o auditorio municipal, localizado na planta baixa da Casa do Concello.*

*Segundo os antecedentes que figuran na Memoria básica e de execución de Reforma para o auditorio municipal, elaborada en data 30 de abril de 2008 polos arquitectos municipais señores Carvajal Rodríguez-Cadarso e Piñeiro Ferradás, que consta no expediente, o Auditorio municipal conta cunha serie de deficiencias:*

- Falta de desnivel da platea que permita unha visibilidade axeitada desde as butacas;*
- Pouco espazo de fondo de escena;*
- Falso teito de madeira que non se axeita ás necesidades de instalación do equipamento escénico;*
- Vestiarios non adaptados;*
- Falta de espazo de almacén pechado de apoio á escena;*
- Ausencia de porta de carga e descarga que conecte directamente coa escena;*
- Ausencia de sala de control de imaxe e son coas características e equipamento necesarios;*
- Ausencia de acceso directo ao recinto desde a praza do Rei.*

*Á vista desta memoria, convén realizar as correspondentes obras de reforma e adaptación do devandito espazo, conforme o que se recolle no mencionado documento.*

*O servizo de Animación sociocultural non conta cos medios idóneos para satisfacer o obxecto deste contrato, polo que se fai necesario acudir á contratación externa deste servizo.*

*O artigo 93.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, establece que a iniciación dos expedientes de contratos debe iniciarse polo órgano de contratación.*

*Á vista do exposto, e coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

**PROPOSTA.**

*“Que se acorde a iniciación do expediente de contratación da obra de reforma e adaptación do auditorio municipal, consonte o artigo 93.1 da Lei 30/2007.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(799).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1/2320, 1/2299, 1/1645.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta da traballadora social responsable do programa a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Jesusa Gómez Figueroa. Expte. 1/2320.
- D. Manuel Antonio Pérez Nieto. Expte. 1/1645.
- D<sup>a</sup>. Cristina Santos Jesús. Expte. 1/2299.

**5(800).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 11/982, 21/1637.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta da traballadora social responsable do programa a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Valles Bullo. Expte. 11/982.
- D<sup>a</sup>. Purificación López Abella. Expte. 21/1637.

**6(801).- APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO ANO 2008. EXPTE. 10712/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 6.05.08, conformado polo concellerio-delegado da Áread e Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 77.000 Euros (setenta e sete mil euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2008; con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo, e á correspondente bolsa de vinculación.

“SEGUNDO.- A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación Laxeiro axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2008, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación MARCO, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

A dotación prevista nos presupostos do Concello de Vigo a favor da Fundación Laxeiro é de 70.000 €, pero se poden financiar 7.000 € máis con cargo á mesma partida e bolsa de vinculación por concorrer

na programación extraordinaria con motivo do centenario da Fundación Laxeiro as circunstancias de interese público e social previstas no art. 22.2, apartado c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas e a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. Enténdese que a forma de levar a cabo os obxectivos da Fundación constituída polo Concello é contribuir ao sostenimento do seu programa e funcionamento. Por todo o exposto, non procede a concorrencia competitiva en relación a esta subvención.

#### “TERCEIRO.- CONDICIÓN DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (según se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia). Neste sentido considérase que a Fundación Laxeiro deberá asumir os seguintes compromisos e condicións:

##### 1. CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN.-

*A condición da Fundación Laxeiro como beneficiario da subvención deberá axustarse aos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; acreditando, a través dunha declaración incluída no expediente, non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.*

##### 2. IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.-

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola Fundación Laxeiro en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actidade ou obxecto subvencionados. (Art. 17.3. da lei 9/2007 de subvencións de Galicia)*

*A Fundación Laxeiro comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

##### 3. MODIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS DO PROXECTO SUBVENCIONADO.

*A Fundación Laxeiro comunicará ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).*

##### 4. DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.-

*A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre a Fundación Laxeiro, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á entidade como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e portes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

*A Fundación Laxeiro tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar; armonizando estes compromisos co respecto á liberdade de creación dos artistas.*

#### 5. LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

#### 6. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

*Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento da entidade e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2008, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

#### 7. FORMA DE PAGAMENTO.-

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2008, de acordo co seguinte calendario:*

- a) unha primeira achega, por un importe máximo do 50% do total da subvención trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local;*
- b) unha segunda achega, por importe máximo do 25% da subvención durante o mes de setembro de 2008;*
- c) unha terceira achega, polo importe pendente de tramitación antes do 28 de novembro de 2008, xunto coa liquidación.*

#### 8. DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

*Para cada unha das achegas:*

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos. Achegaranse as facturas orixinais correspondentes ao importe solicitado para cada período.*

*Para o trámite da primeira achega o Concello de Vigo terá que dispoñer de:*

- copia da póliza de seguro dos bens incluídos na planta terceira da Casa das Artes; na que o Concello de Vigo deberá figurar como beneficiario das 62 obras de Laxeiro das que é propietario e que ten cedidas en depósito á Fundación;*
- copia do contrato de vixilancia, que establezan coa empresa de seguridade que preste servizos no resto das dependencias municipais da Casa das Artes.*

Liquidación da subvención:

*Para a liquidación da terceira achega, último pagamento da subvención, presentárase a seguinte documentación antes do 28 de novembro de 2008:*

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo: Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa). Memoria de prensa.*
- c) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento e actividades de Fundación, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes.*
- d) Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola Fundación Laxeiro para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

*As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiara demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

*Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiara con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Con cada solicitude de pagamento a Fundación Laxeiro acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia. No caso de que algunha actividade dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación, achegarán catro exemplares ao departamento de Cultura do Concello.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

#### **9. UNIDADE XESTORA.-**

*A unidade xestora da subvención á Fundación Laxeiro é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a Fundación informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento. En especial a Fundación Laxeiro obrígase a informar puntualmente ao Departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación que se determine sobre a programación prevista, para incluíla na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

*A unidade xestora tamén recibirá da Fundación Laxeiro informes sobre:*

- *Os fondos municipais cedidos á Fundación, préstamos, conservación, itinerancias, etc, e sobre a xestión dos dereitos tamén cedidos.*
- *A actividade do Padroado da Fundación: cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.*

#### **10. ACEPTACIÓN DE OBRIGAS.-**

*A concesión da subvención á Fundación Laxeiro implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **7(802).- APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO ANO 2008. EXPTE. 10713/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 6.05.08, conformado polo concellerio-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Otorgar á FUNDACIÓN MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 805.000 € (oitocentos cinco mil euros), con obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2008; con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación Fundación MARCO” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo co citado importe.

A subvención supón 45,31 % do gasto total do proxecto do MARCO e é compatible con outras subvencións, axudas ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

“2. A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Marco, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2008, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación MARCO, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

Á vista do artigo 5 dos Estatutos do Marco, aprobados polo Pleno en sesión de 29 de xullo de 2002, establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa aportación, adquiriu o compromiso estábel no desenvolvemento da Fundación; enténdese que e a forma de levalo a cabo é contribuir ao sostemento do seu programa e funcionamento. Por todo o exposto, non procede a concorrência competitiva en relación a esta subvención.

### 3. CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO.-

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (según se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia). Neste sentido considérase que o MARCO deberá asumir os seguintes compromisos e condicións:

#### 3.1. CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN.-

A condición do MARCO como beneficiario da subvención deberá axustarse aos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; acreditando, a través dunha declaración incluída no expediente, non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

#### 3.2. IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIÓN OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas polo MARCO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actidade ou obxecto subvencionados. (Art. 17.3. da lei 9/2007 de subvencións de Galicia)  
O MARCO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

#### 3.3. MODIFICACIÓN OU CANCELACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO.

O MARCO comunicará ao Concello de Vigo as modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).

#### 3.4. DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.-

O MARCO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o MARCO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

O MARCO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á entidade como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subven-

cionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

O MARCO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

O MARCO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar; armonizando estes compromisos co respecto á liberdade de creación dos artistas.

### 3.5. LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

### 3.6. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento da entidade e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2008, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

### 3.7. FORMA DE PAGAMENTO.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Marco do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2008, de acordo co seguinte calendario:

- a) unha primeira achega, por importe de 201.250 € trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local;
- b) unha segunda achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de xuño de 2008;
- c) unha terceira achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de setembro de 2008;
- d) e unha cuarta achega, por importe de 201.250 € antes do 28 de novembro de 2008.

### 3.8. DOCUMENTOS PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos.

A primeira e a segunda achegas considéranse pagamentos a conta da subvención outorgada.

Para o trámite da primeira achega, aportarase copia da póliza de seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo depositada no MARCO, onde figurará como beneficiario o propio Concello; para o trámite da segunda achega aportaranse os documentos xerais indicados para cada unha das achegas.”

Para o trámite da terceira achega:

Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación Marco relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do ba-

*lance de situación, conta de resultados etc. e certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daque-loutras auditorías ou controles que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outogada.*

Liquidación da subvención:

*Para a liquidación da cuarta achega, último pagamento da subvención, presentarase a seguinte documentación antes do 28 de novembro de 2008:*

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*

*Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*

*Memoria de prensa.*

*Memoria económica con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes.*

*Para a liquidación da subvención xustificarse o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acordo de concesión da subvención e incluír os detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos polo MARCO para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento e deberá incluír na xustificación o importe, a procedencia, a data dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

*Con cada solicitude de pagamento a Fundación Marco acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia. No caso de que algunha actividade dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao Marco, o Museo achegará catro exemplares ao departamento de Cultura do Concello.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

3.9. UNIDADE XESTORA.-

*A unidade xestora da subvención ao MARCO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a Fundación MARCO informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento. En especial o MARCO obrígase a informar puntualmente ao Departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación que se determine sobre a programación prevista, para incluíla na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

### 3.10. ACEPTACIÓN DE OBRIGAS.-

*A concesión da subvención ao MARCO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **8(803).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRAS DE AMPLIACIÓN DE GRADERÍA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE BOUZAS, CON TRAMITACIÓN DE URXENCIA. EXPTE. 7815/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 19.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

*Con data 27/02/2008, encargárase a Naos 04 Arquitectos, S.L., a elaboración do proxecto básico e de execución, que servan de base á contratación da execución da devandita obra.*

*Posteriormente, con data 5 de maio, o concelleiro-delegado de Deportes da a súa conformidade á proposta do director deportivo do IMD, D. José Angel Otero Lamas, relativa aos criterios de adxudicación das obras de ampliación de graderío no pavillón municipal de Bouzas.*

*O gasto do contrato (229.317,74 €) imputárase á partida 4521.632.00.01 do orzamento vixente, onde existe crédito adecuado e suficiente.*

*Por outra banda, en atención ás circunstancias de interese público concurrentes neste caso é preciso que ao abeiro do que dispón o artigo 96.1 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, a tramitación deste expediente deba acelerarse. Estas circunstancias xurden por mor de que o Club de Hockey Vigo Stick, usuario principal desta instalación, debe comezar a disputar os seus encontros a primeiros do mes de setembro no campionato de liga da primeira división de Hockey e que resulta inviable adaptar outra instalación para os requirimentos desta competición, sen perturbar a práctica deportiva doutros clubs da cidade e mesmo da poboación que realiza práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais.*

*Por iso, e ao abeiro do disposto nos artigos 93.1 e 96.1 da Lei 30/2007, de contratos do sector público, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Autorizar o inicio e a tramitación urxente do expediente para a contratación das obras de ampliación do graderío no pavillón municipal de Bouzas, por importe de 229.317,74 €, con cargo á partida 4521.632.00.01 do vixente orzamento de gastos da concellaría de Deportes do Concello de Vigo”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(804).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA POLO PROCEDIMENTO DE URXENCIA PARA REALIZAR OS ESTUDIOS DE ANÁLISE DO SERVIZO DE TRANSPORTE Ó CAMPUS UNIVERSITARIO DE LAGOAS-MARCOSENDE E ESTUDIO DO PLAN DE TRANSPORTE Ó PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 74785/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 20.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

*Na data 24 de xullo de 2007 o Concello solicitou o INEGA axudas ( axudas encamiñadas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de enerxías renovables) para a realización dos seguintes estudos :*

- Análise do servizo público do transporte o campus universitario de Lagoas-Marcosende.
- Estudio do plan de transporte o PTL de Valadares.

Na data 18 de febreiro de 2008 por resolución do Presidente do Concello de Administración do Instituto Enerxético de Galicia concedéronse as axudas solicitadas por un importe de 18.000 € para cada un dos estudos, sendo o coste previsto de cada un deles 30.000 €.

O artigo 93 da Lei de contratos do sector público establece que o expediente de contratación se iniciará polo Órgano de Contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 22 de dita Lei.

Para a realización dos estudos precisase a contratación dunha asistencia técnica por non dispor o Concello do persoal e medios técnicos necesarios para a realización dos mesmos, debendo realizarse no prazo mais breve posible, por ter que xustificar o investimento con anterioridade o 30 de xuño o en seu caso na data fixada polo INEGA unha vez solicitada a prorroga prevista na resolución notificada, e así poder recibir a axuda concedida.

A motivación e necesidade do contrato se xustifica co disposto no parágrafo anterior.

O expediente terase que tramitar polo procedemento de urxencia dada a data fixada polo Inega para a xustificación do investimento.

A vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, por ser o Órgano competente para iniciar a contratación, a adopción do seguinte Acordo:

“ Iniciar a expediente para a contratación dunha asistencia técnica polo procedemento de urxencia para realizar os seguintes estudos :

- Análise do servizo público do transporte o campus universitario de Lagoas-Marcosende.
- Estudio do plan de transporte o PTL de Valadares.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(805).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO DAS RÚAS POLICARPO SANZ E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18144/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.05.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

*Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL).*
- *Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (RSP).*
- *Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (RD 1627/1997).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade*

*aprobado polo acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*

- *Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).*

## **ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro á favor da UTE Eloymar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 13 de xuño de 2007.*

*A UTE Eloymar – Tranvías presentou, mediante escritos con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 e 20 de maio de 2008 respectivamente, os Plans de Seguridade e Saúde correspondentes ás obras de construción dos aparcadoiros de Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz, así como comunicación do nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*Primeiro.- Aprobados os proxectos de construción dos aparcadoiros subterráneos de Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 5 de maio de 2008, e con ocasión do inicio das obras, resulta preciso establecer un adecuado nivel de protección da seguridade e saúde dos traballadores implicados no proceso construtivo fronte ós riscos derivados das condicións de traballo. Neste senso, estes proxectos de construción inclúen un Estudo de Seguridade e Saúde (artigo 4 RD 1627/1997).*

*O concesionario está obrigado tamén a presentar un Plan de Seguridade e Saúde nas obras que aplicará o Estudo de Seguridade e Saúde contido nos proxectos de construción aprobados e seguir as directrices do RD 1627/1997 (artigo 48.2 PCAP), que concreta os aspectos técnicos das medidas preventivas previstas na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establecendo as condicións mínimas de seguridade e saúde que garantan a adecuada protección dos traballadores no ámbito das obras de construción.*

*Neste Plan de seguridade e Saúde, o contratista deberá analizar, estudar, desenvolver e complementar as previsións contidas no Estudo de Seguridade e Saúde en función do seu propio sistema de execución da obra (artigo 7.1 RD 1627/1997).*

*Segundo.- No caso de obras das Administracións públicas, como no presente caso, o Plan de seguridade e Saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde, se elevará para a súa aprobación á Administración pública adxudicataria da obra (artigo 7.2 RD 1627/1997 e 48.3 PCAP).*

*O concesionario, a estes efectos, terá que designar un coordinador de seguridade e saúde que desenvolva as obrigas dispostas no artigo 9 do RD 1627/1997 (artigo 48.2 PCAP).*

*Segundo sendas comunicacións do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos técnicos da Provincia de Pontevedra, ambas de data 8 de febreiro de 2008, foi nomeado D. Julio Millara Turienzo para desempeñar a coordinación da seguridade e saúde durante a execución das obras relativas ós aparcadoiros subterráneos das rúas Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz-García Barbón.*

*Co Plan de Seguridade e Saúde a UTE concesionaria achega os informes preceptivos do coordinador de seguridade e saúde, de datas 12 e 19 de maio de 2008, favorables á aprobación dos plans correspondentes ós aparcamentos de Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz-García Barbón.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Tomar coñecemento do nomeamento do arquitecto técnico D. Julio Millara Turienzo para desempeñar a coordinación da seguridade e saúde durante a execución das obras relativas ós aparcadoiros subterráneos das rúas Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz-García Barbón.*

*2º.- Aprobar os Plans de Seguridade e Saúde para as obras de construción dos aparcadoiros subterráneos das rúas Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz presentados pola UTE Eloymar-Tranvías en datas 14/05/2008 e 20/05/2008.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(806).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO, CON TRAMITACIÓN DE URXENCIA. EXPTE. 5734/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 20.05.08, que di o seguinte:

*O servizo de Medio Ambiente remite o expediente paara a contratación do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais do concello de Vigo.*

*No expediente consta informe do xefe do servizo de Medio ambiente no que xustifica a necesidade de contratación do servizo invocando a competencia outorgada pola Lei de Costas ós concellos para a prestación dos servizos de vixilancia en zonas de baño. Ademais os servizos de socorrismo son imprescindibles para a obtención das bandeiras azuis nos areais do concello.*

*O artigo 93 da Lei de contratos do sector público establece que o expediente de contratación se iniciará polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos terminos previstos no artigo 22 de dita Lei.*

*Esta motivación e necesidade se xustifica na documentación que consta no expediente e concretamente no informe do xefe do Servizo de Medio Ambiente e no prego de prescricións técnicas.*

*O expediente terase que tramitar polo procedemnto de urxencia xa que a prestación do servizo terá que iniciarse no próximo mes de xuño.*

*A vista das anteriores circunstancias, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Iniciar o expediente para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais de Vigo empregando o procedemento de urxencia.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(807).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE MONITORA-XE CESTERÍA DE MADEIRA ABERTA E COLMO. EXPTE. 2738/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.05.08, conformado pola delegada do goberno la Área de Patrimonio Histórico, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de maio de 2005, acordou contratar con Da. María Jesús Barreiro García a actividade docente de cestería de madeira aberta e colmo dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro.*

*Na cláusula 4 do contrato asinado con data 27 de xullo de 2005 se establecía como prazo do contrato o de dous anos, prorrogable por outros dous, contado de un en un dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato. Por acordo da Xunta de Goberno de 14-05-2007 prorrogouse o contrato por un ano máis.*

*A xefa do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prórroga do contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prórroga para o período comprendido entre o 01 de xuño de 2008 e o 31 de maio de 2009, do contrato da asistencia técnica para monitoraxe en cestería de madeira aberta e colmo dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, adxudicado a Da. María Jesús Barreiro García por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005.*

*O importe da prórroga do contrato é de 13.175,31 euros máis a revisión de prezos que proceda.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(808).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE MONITORA-XE EN CESTERÍA DE VIMBIO. EXPTE. 2737/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.05.08, conformado pola delegada do goberno la Área de Patrimonio Histórico, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de maio de 2005, acordou contratar con D. Antonio Suárez Davila a actividade docente de cestería de vimbio dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro.*

*Na cláusula 4 do contrato asinado con data 27 de xullo de 2005 se establecía como prazo do contrato o de dous anos, prorrogable por outros dous, contado de un en un dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato. Por acordo da Xunta de Goberno de 14-05-2007 prorrogouse o contrato por un ano máis.*

*A xefa do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prórroga do contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prórroga para o período comprendido entre o 01 de xuño de 2008 e o 31 de maio de 2009, do contrato da asistencia técnica para monitoraxe en cestería de vimbio dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, adxudicado a D. Antonio Suárez Davila por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005.*

*O importe da prórroga do contrato é de 13.175,31 euros máis a revisión de prezos que proceda.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(809).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E EDICIÓN DO MATERIAL PROMOCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 2163/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 17.04.08, conformada polo xefe do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Anonimo Publicidad, S.L. o concurso para a contratación do deseño e edición do material promocional da Concellería de Turismo. (Expte. 2163/104) por un importe total de 279.976,21 euros (139.988,10 euros ano 2008 e 139.988,11 euros ano 2009). Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 04-02-2008 e a oferta presentada.

**15(810).- ADXUDICACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO DE TEIS E BALAIÓDOS. EXPTE. 54353/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 17.04.08, conformada polo xefe do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Ticco Ingenieria, S.L. o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de humanización do entorno Mercado Teis e entorno Balaídos. (Expte.54353/250) por un importe de 24.795 euros. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 04-02-2008 e a oferta presentada.

**16(811).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN “O CONCELLO INFORMA”. EXPTE. 4521/101.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 14.05.08, conformada polo xefe do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Ecovigo Publicidad, S.L. o concurso para a contratación da campaña de información “O concello informa”. (Expte 4521-101) por un importe de 400.000 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 18.02.2008 e a oferta presentada.

**17(812).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 5555/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 7.05.08, conformada polo xefe do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Cepsa Comercial Galicia, S.A. o procedemento negociado para a subministración de gasoleo A para o Parque Móbil. (Expte. 5555/445) por un importe de 30.000 euros e un desconto de 0,0464 euros/litro. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 10.03.2008 e a oferta presentada .

**18(813).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a Cepsa Comercial S.A. a fianza por importe de 8.654,57 € constituída para responder da subministración de gasoleo para clefacción xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 9490/332.

b) Devolver a Taelpo, S. Coop. a fianza de 2.602,88 € constituída para responder da contratación do servizo de radiocomunicación para o Concello, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2326/241.

**19(814).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA PÉREZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1239/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LT).*

*Antecedentes:*

*D<sup>a</sup>. María Teresa Pérez Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. Constante Hermida Hermida, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de setembro de 2006, polos danos e perdas derivados dun accidente sufrido o día 20 de setembro do mesmo ano, cando a Sra. Pérez circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Hermida, matrícula PO-0127-BC, pola rúa Progreso,*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 13/10/2006.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 08/11/2006, manifestando que os prezos contidos na factura de reparación do seu vehículo presentada polo reclamante son correctos.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 15/11/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda*

*lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Hermida, que acredita cunha factura de reparación emitida por un taller mecánico os danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter danado o seu vehículo por mor da existencia dun ferro na calzada. No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente. Sen embargo, a Sra. Pérez, a sazón condutora do vehículo, ó sufrir o presunto accidente non chamou á Policía local para que a autoridade pública tivera coñecemento dos feitos, nin tampouco durante a instrución do procedemento o Sr. Hermida presentou testemuña presencial do accidente que puidera dar fe da súa realidade e da causa do mesmo. Como proba dos feitos o Sr. Hermida limítase a presentar unhas fotografías da calzada onde presuntamente ocorreu o accidente, e a factura de reparación do seu vehículo nun taller mecánico, elementos que so proban que o seu vehículo sufriu determinados danos, pero que non permiten vincular ós mesmos ó funcionamento anormal do servizo de mantemento viario municipal. A vista destes datos, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo do Sr. Hermida sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.*

*Cuarto.- A maior abundamento é de sinalar que, aínda que é indubitada a existencia dun ferro na calzada, sen embargo, este non representa perigo ningún para a circulación rodada por canto, tal e como se sinala no informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 13 de outubro de 2006, atópase nun espazo exento da circulación. O ferro orixe do presunto accidente formaba parte da estrutura utilizada para protexer o arborado e está colocado no perímetro do alcorque, nunha zona de tránsito peonil excluída da zona de rodadura da calzada. A existencia dunha pequena deformación na estrutura pode ser consecuencia dun acto vandálico ou colisión recente que non debería provocar danos nos automóviles por estar en zona peonil delimitada con rigolas de pedra e xardineiras.*

*O condutor dun automóbil deberá circular pola calzada (artigo 14.1 LT). No presente caso queda acreditado que a condutora invadiu a beirarrúa co seu vehículo, incumprindo así a obriga imposta ós automobilistas de empregar ó conducir a dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo (artigo 9 LT).*

*Polo tanto, é preciso concluír que aínda cando quedase probada a relación de causalidade entre os danos sufridos polo Sr. Hermida e o funcionamento dun servizo público desta Administración, que non é o caso, a negligencia da Sra. Pérez, co seu defectuoso control da condución, interferiría neste nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público local.*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. María Teresa Pérez Fernández en nome e representación de D. Constante Hermida Hermida, en data 28 de setembro de 2006 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(815).- RECLAMACIÓN DE SEGUROS CASER DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1328/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 12.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*A entidade Deíce presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, no nome e representación da aseguradora Caser, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de decembro de 2006, no que expón que o día 26 de xullo de 2006 o local propiedade de System Populi S.L., asegurado por Caser e ubicado en Vigo na rúa García Barbón núm. 82, sufriu inundacións a consecuencia dunha avaría de auga na rede xeral de abastecemento*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de data 14.2.2007, no que indican que a avaría atopábase nun tramo de acometida cuxa responsabilidade é allea á dita concesionaria.*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras do Concello de data 28.5.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que presenta documentación en datas 12.6.2007 e 8.2.2008.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións en data 8.2.2008.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.  
O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.  
Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.  
Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten a obriga tanto de prestar estes servizos como de responder de calquera dano causado ós particulares a consecuencia do seu funcionamento.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous sería o responsábel do dano, caso de resultar acreditado, e polo tanto estaría obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Terceiro.-Cómpre en primeiro lugar constatar a existencia dun dano que de conformidade co artigo 139.2 da Lei 30/1992 terá que ser efectivo, avaliábel economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas, esixindo a xurisprudencia a necesidade de que o reclamante acredite a súa realidade (SS 20/12/1992 entre outras), proba que se esixe cun maior rigor cando se trata de acreditar o lucro cesante (SS 27/06/1997).*

*Así mesmo, o artigo 139.1 da Lei 30/1992 esixe que unha vez constatado o dito dano este o sexa “a consecuencia” do funcionamento do dito servizo público, nunha relación “directa, inmediata e exclusiva de causa a facto, sen intervención estrañas que alteren o nexo causal” (S 04/06/1994).*

*Polo tanto, e respecto o dano, do exame do expediente, resulta que:*

- O día 23 de xuño de 2006 prodúxose unha avaría consistente nunha fuga de auga no inmovible situado na rúa García Barbón núm. 82, acudindo a reparalo tras chamada ó efecto a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas do Concello, Aqualia.*
- A consecuencia do sinistro a empresa System Populi, S.L. ubicada no baixo do edificio sufriu danos, según o informe pericial para a aseguradora da empresa, Caser, que se achega, que se valoran en 10.608,00 euros, que é o importe que Caser reclama ó Concello de Vigo. Non obstante o anterior no mesmo informe, no seu parágrafo núm. 11, propónse unha indemnización de 3.430,14 euros.*
- Se ben solicitouse que se acreditara o pago dos 10.608,00 a System Populi S.L. soamente se achega a estes efectos un certificado asinado por unha persoa que di é apoderado de Caser Seguros, pero non copia de cheque, factura asinada, recibo ou acreditación de transferencia ó asegurado, ou outra documentación que xustifique o pagamento da cantidade que se reclama.*

*Respecto á conexión do dano polo que se reclama co funcionamento do servizo público municipal de saneamento e abastecemento de auga, a concesionaria Aqualia nega tal carácter causal e achega copia de escrito remiti-*

do a Despa en relación cunha reclamación da comunidade de propietarios do edificio polo incidente, desestimando dita reclamación ó atoparse a avaría nun tramo da acometida domiciliaria, se ben unha vez que os avísaron dela acudiron a reparala para evitar males maiores, e cuxa responsabilidade é allea a Aqualia de conformidade co vixente Regulamento municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

Solicitado a estes efectos informe ó Servizo de vías e obras do Concello, su informe de data 28.5.2007, que de conformidade co disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución di “ En relación coa reclamación da Compañía de Seguros CASER de data 01-12-06 relativa ao asunto enriba referenciado, este Servizo de Vías e Obras informa o seguinte: As averías que se produzan na acometida de abastecemento no tramo comprendido entre a chave da acometida e a fachada propiedade do abonado, enténdese producidas na instalación interior xeral de abastecemento. E, o seu mantemento corre a cargo dos aboaos, de acordo artigo 28.2 párr.2ª do Reglamente do Servizo. Asimesmo o párrafo 3º do citado artigo establécese: “... En cualquier caso, la responsabilidad por los daños producidos por fugas de agua en esta parte de la instalación corresponderá al abonado”.”

Por todo o que resulta que ademais de non resultar debidamente xustificado pago da cantidade de 10.608,00 euros a System populi, S.L., constando ademais no informe pericial unha proposta neste senso de 3.430,14 euros, tampouco resulta debidamente acreditado o nexo causal entre os danos padecidos e o funcionamento de ningún setrvizo municipal ó corresponder dita responsabilidade dos danos, segundo o Regulamento municipal de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Vigo que aprobou o Pleno do Concello o 27.1.1993 (BOP de 10.3.1993), ó propio aboado, polo que procede desestimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola entidade Deice no nome da Compañía de Seguros Caser, por danos a consecuencia dunha inundación no inmovible situado na rúa García Barbón núm. 82, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos polos que se reclama, ó non resultar convenientemente probado tanto éstos como o nexo de causalidade o incidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(816).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ GABINO MALLO RUBIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1018/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 6.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola xefa do Servizo de fiscalización, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

*Antecedentes:*

D. José Gabino Mallo Rubio presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de abril de 2006, no que expón que mentres circulaba co

vehículo de súa propiedade, matrícula 2603-CZJ, polo camiño do Viño (parroquia de Coruxo), sufriu danos materiais no mesmo tras introducir unha das súas rodas nunha focha.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/06/2006.
- Parte do servizo da Policía Local, de data 09/04/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Mallo relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo e da focha na vía.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 315 de Talleres Maranello Motor S.L., presentada polo reclamante, por un importe de 2.527,42 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 30/10/2006.
- Práctica de proba testemuñal en data 27/11/2007.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 01/03/2008, e non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Mallo, que queda acreditado coa proba practicada durante a instrución do presente expediente.*

*Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos usuarios nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos usuarios, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo automobilista e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da calzada, así o manifesta o servizo de Vías e obras, encargado do mantemento viario e o corrobora o informe da Policía Local. Podemos concluír, polo*

tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos polo Sr. Mallo e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Mallo, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente unha factura de reparación do seu vehículo dun taller mecánico, Talleres Maranello Motor S.L., por un importe de 2.527,42 euros IVE incluído, que o servizo de Parque Móbil deste Concello, estima correcta, por canto os prezos das pezas e da mano de obra son conformes ás tarifas oficiais. No entanto, a Policía Local no parte de servizo elaborado con ocasión do accidente manifesta que “examinado o vehículo (...) presentaba la rueda delantera izquierda reventada y el disco de aluminio dañado por el impacto”, dato corroborado pola testemuña presencial dos feitos que ó ser preguntada polo instrutor sobre os danos que presentaba o vehículo manifesta unicamente “rueda delantera izquierda”. Polo tanto, dado que o Sr. Mallo tras o accidente non presentou o seu vehículo nas instalacións do Parque móbil municipal para que quedase constancia dos danos que presentaba, a falta de proba en contrario a informante estima que unicamente procede aboar, dos conceptos recollidos na mencionada factura, os correspondentes a neumático (160 €), reparación llanta (75€) e alineado (30 €), que son os recollidos no parte da Policía Local que suman 265 €, cantidade á que temos que aplicarlle o iva (42, 40 €). En conclusión, este Concello deberá aboar ó Sr. Mallo unha indemnización de 307, 40 € en concepto de danos e prexuízos.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local. En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. José Gabino Mallo Rubio, en data 12 de abril de 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 307, 40 € en concepto de danos e prexuízos”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(817).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. NOA FREIJEIRO BARROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1288/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 15.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo (PCAZV).

*Antecedentes:*

D<sup>a</sup>. Noa Freijeiro Barros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de novembro de 2006, polos danos e prexuízos derivados dunha

caída acaecida o día 3 de novembro do mesmo ano cando patinaba na Pista de Patinaxe de Samil por mor do mal estado do pavimento.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/11/2006.
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 30/11/2006.
- Informe de CESPAs, de data 10/01/2007.
- Informe da Policía Local, de data 13/07/2007.
- Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 31/08/2007.
- Práctica de proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, en data 07/11/2007.
- Evacuase trámite de audiencia á CESPAs, que formula alegacións en data 04/12/2007.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 07/01/2008, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Freijeiro, que queda acreditado coa presentación de diversos informes médicos.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o establecemento e mantemento de parques e xardíns, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2005, acordou adjudicar a CESPAs, Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A., a xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo da Xunta de Goberno en data 8 de novembro de 2004 e modificado posteriormente en data 29 de novembro do mesmo ano. Este contrato foi outorgado por un prazo de 8 anos, iniciándose ó computo o día 1 de maio de 2005, polo tanto estaba en vigor na data do accidente.

Cuarto.- A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa contratista. O contratista ten a obriga de indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a

execución do contrato (artigo 97.1 LCAP). Nesta liña, o Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, no apartado 1º c) da cláusula XIX establece entre as obrigas do adxudicatario “responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo, tanto a Administración municipal como a terceiros”.

Tras o exame do expediente, á vista da proba practicada, podemos concluír que a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Freijeiro poden ser imputados á entidade CESPA. Así, a testemuña presencial dos feitos da realidade da caída e do mal estado do pavimento, que presentaba unha focha. Este extremo é confirmado polo servizo de Vías e Obras que informa que a pista tiña “a xuntas de dilatación en mal estado”, de feito, no momento da inspección (novembro de 2006) a pista atopábase precintada porque se estaban realizando reparacións nas xuntas. O servizo de Montes, Parques e Xardíns informa, así mesmo, que dos danos debe responder CESPA.

Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Freijeiro e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Quinto.- Unha vez determinado que os danos obxecto da presente reclamación poden ser imputables ó funcionamento defectuoso do servizo de conservación e reposición de zonas verdes e que dos mesmos debe responder a empresa concesionaria de este servizo, é preciso establecer a contía dos mesmos. A Asesoría médica do Concello fixa a indemnización de danos e prexuízos en 1. 162, 05 €, cantidade que non é discutida en trámite de audiencia nin pola reclamante, nin pola empresa concesionaria, polo que, a xuízo da informante, procede o seu aboamento.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local. En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Noa Freijeiro Barros en data 7 de novembro de 2006.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no apartado 1º c) da cláusula XIX do Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 1. 162, 00 €”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(818).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA FELISA GONZÁLEZ GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1218/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 15.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. María Felisa González García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de setembro de 2006, no que expón que o día 7 de agosto de 2006, mentres camiñaba pola rúa Camelias, á altura do núm. 145, sufriu unha caída tras tropezar cunha tapa de rexistro dun sumidoiro, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Parte do servizo da Policía Local, de data 7.8.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. González relátalles o accidente que tivera*

*Informes do Servizo de vías e obras, de datas 13.10.2006 e 2.10.2007.*

*Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello.*

*Práctica de proba testemuñal en data 7.6.2007 á persoa proposta pola reclamante.*

*Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 22.3.2007 e 1.2.2008.*

*Evacúase trámite de audiencia á reclamante en datas 11.10.2007 e 18.1.2008, que fai alegacións o 29.10.2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, por canto a reclamante sitúa a causa do dano polo que reclama nunha tapa de sumidoiro, da que resulta competente este servizo. Tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso telo en consideración para que, no suposto no que resulten probados o dano e a súa relación causal con él, se determine quen é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.*

*Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público.*

*A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).*

*Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).*

*E así resulta acreditado no expediente que a reclamante caeu o día 7 de agosto de 2006 na rúa Camelias, á altura do núm. 145, causándose lesións consistentes en contusións varias, do que foi atendida no Servizo de urxenzas médicas do Sergas.*

*Ós efectos de probar o nexos causal entre dito dano e o funcionamento dun servizo público municipal, solicitouse o parte de servizo á Policía Local, por canto a reclamante refire que se presentaron no lugar. Con independencia de que cando chegaron o accidente xa tiña acaecido e non presenciaron a caída, o realmente relevante e que consta que a reclamante non sabía exactamente qué sucedera, se tropezoou ou resbalou, caéndose ó chan. Así mesmo, reseñan que onde lles indican que a señora caera había un rexistro de auga, pero que a súa tapa se atopaba suxeita e en perfectas condicións polo que supoñen que ou resbalou nela ou se produxo ela mesma un tropezo involuntario.*

*E a reclamante a efectos de proba presenta proba testemuñal. Dita, proba que á vista do Parte de Servizo da policía local sería relevante para acreditar a causa da caída, non aclara nada, por canto a testemuña sitúa a causa dela nunha lousa levantada preto dunha árbore, dato no que insiste varias veces durante a proba practicada. Pero ademais de que a reclamante nega este dato en documentación posterior, o Servizo de vías e obras informa ó respecto no seu informe de data 2 de outubro de 2007 que o estado xeral da beirarrúa é aceptable e non hai lousas levantadas ó lado das árbores, nin tampouco se aprecia que lousas vellas fosen reemplazadas por lousas novas, ó que hai que engadir que as árbores ubicadas na zona non son tan voluminosas como para levantar as lousas. Achega fotografías do lugar onde se observan claramente os datos informados.*

*Tense que destacar que o Servizo de vías e obras informa en data 13 de outubro do 2006 que xirada inspección ó lugar o día 10 do mesmo mes a tapa do sumidoiro onde a reclamante di que caeu deslizábase ó pisar os seus extremos.*

*Non obstante este dato por si só non resulta suficiente para estimar probado o nexos causal preciso entrea caída e o funcionamento do servizo público, por canto isto acontece dous meses despois da caída, puidendo deteriorarse no entrante e non hai testemuñas que acrediten ó contrario, comprobando a Policía local como o día da caída se atopaba en perfectas condicións, e porque incluso a interesada descoñecía cando se lle tomou declaración no lugar a causa da súa caída e non hai testemuña ningunha nin proba bastante ó efecto que así o acredite.*

*Quinto.-No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima ou a intervención dun terceiro alleo á Administración, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).*

*Estímase neste suposto que a caída tivo lugar por unha circunstancia pertencente á esfera persoal da propia vítima, considerándose un accidente comun, ó non resultar probado o nexos causal preciso entre o dano polo que se reclama e o funcionamento dun servizo público municipal.*

*En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Maria Felisa González García por unha caída ocorrida na rúa Camelias de Vigo o día 7 de agosto de 2006 non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(819).- RECLAMACIÓN DE D. ABEL LAGO LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1179/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, o interventor xeral e a xefa do Servizo de fiscalización, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*D. Abel Lago Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Lago Mouriño, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de agosto de 2006, polos danos e prexuízos derivados dun accidente acaecido o día 6 de xullo do mesmo ano cando o Sr. Lago circulaba co vehículo propiedade de súa nai, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Lago Mouriño, con matrícula 8284-BZD, pola rúa Travesía das Augas por mor da existencia dunha focha na vía.*

*A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 06/07/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/10/2006, sobre o estado do lugar do accidente, indicando que a focha xa fora reparada.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 17/10/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 2787 de Ansercar Neumáticos, presentada pola reclamante, por un valor de 718,21 euros son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 29/10/2007, que non formula alegacións.*
- 

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio da Sra. Lago, que queda acreditado coa presentación dunha factura dun taller mecánico de reparación dos danos sufridos no seu vehículo.*

*Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo automobilista e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*Examinada a proba practicada durante a instrución do expediente, resulta acreditado o deficiente estado da calzada, así o corrobora o informe da Policía Local. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Lago e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.*

*Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Lago, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante achega ó expediente unha factura de reparación do seu vehículo dun taller mecánico por un importe de 718,21 €, que o servizo de Parque Móbil do concello, estima correcta, resultando procedente o seu aboamento.*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación formulada por D. Abel Lago Lago en nome e representación de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Lago Mouriño, en data 3 de agosto de 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 718,21 € en concepto de danos e prexuízos”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(820).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. RAQUEL GONZÁLEZ FIGUEROA CONTRA ACORDO DESESTIMATORIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1414/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 14.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.- Dona Raquel González Filgueira presenta en data 30 de abril de 2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na rúa Ruiseñor o día 10 de xaneiro de 2007, e que lle foi notificada o día 2 de abril de 2008.*

## FUNDAMENTOS

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a interesada non se atopa de acordo coa motivación da resolución que se recorre por canto polas razóns que expón indica que se cumpren todos os requisitos necesarios para a responsabilidade patrimonial da Administración, indicando que si que ten testemuñas dos feitos, e que así constaba no expediente no documento de declaración de accidente laboral emitido o 10 de xaneiro de 2007 polo responsábel da unidade do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, onde consta expresamente a existencia dunha testemuña.*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*E isto por canto, contrariamente o que a reclamante manifesta na fase de instrución do procedemento non aportou o documento ó que se refire no seu recurso, achegando copia del soamente nesta fase de recurso. Ademais non fixo referencia ó longo do expediente a testemuña ningunha, e en data 29 de xaneiro de 2007, en escrito de mellora de solicitude, que a reclamante recibiu o día 5 de febreiro, no seu parágrafo g) requiriúse para que indicara os medios de proba propostos, momento procesal oportuno para que citara ás testemuñas e poder practicar con elas, unha vez indicada a súa dirección a efectos de notificacións, a proba testemuñal procedente, e non o fixo. Tampouco fixo alegación ningunha en trámite de audiencia á vista da documentación obrante no expediente.*

*Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Raquel González Figueroa contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 18 de febreiro de 2008 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa Ruiseñor e confírmala ina súa integridade”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(821).- CONVALIDACIÓN POR IMPORTE DE 842,79 € A FAVOR DE BUFETE HINRICHS CB. ABOGADOS. EXPTE. NÚM. 17171/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 13.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións e recoñecer as obrigas a favor do Bufete Hinrichs, C.B. Avogados (D<sup>a</sup> Silvia Hinrichs Alvarez), por importe de 842,79 € correspondente aos honorarios derivados do persoamento en representación do Concello de Vigo, nos procedementos números 49/2007 (dimanante do núm. 538/2006) e 150/2007.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva (convalidación) polo importe referenciado a favor do Bufete Hinrichs, C.B. de Avogados, con CIF E15827942, con cargo a la partida 121.0.22603000

**27(822).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE 10.12.07 SOBRE ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 18225/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 15.05.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 10 de decembro de 2007, adoptou acordo aprobando unha asignación de complemento de productividade ao persoal de diversos servizos municipais (Expte 17925/220)*

*Na proposta aprobada e que continúa as de diferentes servizos, detectáronse os seguintes erros:*

- No Servizo de Informatica, inclúese a D Jose Alves Alfaya, con nº de persoal 4564, ao que lle corresponde percibir a cantidade de 1007.77 € e ao que se lle abonou 503.89 € polo que correspondelle aboar a cantidade de 573,88 €*
- No Servizo Benestar Social non incluíuse a Dª Teresa Salvadores Canedo, traballadora social, polo que correspondería o aboamento de 947.35 €.*
- Así mesmo abonouse a cantidade de 969.29 € a D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 13304 cando debería haberse aboado a D Jesus Lopez Moure con nº de persoal 77210, polo que pola Tesourería Municipal debería procederse ao reintegro en nomina da cantidade citada a D D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 13304, e o seu aboamento a D Jesus Lopez Moure con nº de persoal 77210*
- No Servizo extinción de incendios, D Guillermo Dominguez Lopez, con n de persoal 18520 abonouse a cantidade de 10815.42 € cando debería ser 7068.90 €, polo que pola Tesourería Municipal debería procederse ao reintegro en nomina da cantidade de 3746,52 €*
- Abonouse ao funcionario D Oscar Molares Bargiela a cantidade de 1510.04 €, cando debería haberse aboado 1132.53, polo que debería procederse ao reintegro en nomina da cantidade de 377,51 €.*

*Polo anteriormente expresado e en base ao Art. 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e as competencias do concelleiro delegado de xestión municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de Alcaldía de data 7 de xullo de 2007, proponse a Xunta de Goberno Local:*

- O aboamento a D Jose Alves Alfaya, con nº de persoal 4564, a cantidade de 573,88 € en concepto de productividade correspondente ao ano 2007*
- O aboamento a Dª Teresa Salvadores Canedo, traballadora social, da cantidade de 947.35 €. en concepto de productividade correspondente ao ano 2007*
- O aboamento a D Jesus Lopez Moure con nº de persoal 77210, da cantidade de 969.29 € en concepto de productividade correspondente ao ano 2007*
- O dedución na vindeira nomina do mes de xuño a D Oscar Molares BArgiela con n de persoal 79184, da cantidade de 377,51 €.*
- O dedución na vindeira nomina do mes de xuño a D Guillermo Dominguez Lopez, con n de persoal 18520, da cantidade de 3746,52 €*

- O dedución na vindeira nomina do mes de xuño a D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 13304 pola cantidade de 969.29 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(823).- ABOAMENTO A DOUS AXENTES DA POLICÍA LOCAL DAS XORNADAS DE REFORZO REALIZADAS NO MES DECEMBRO 2007. EXPTE. 18202/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o Concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, adoptou o acordo de aproba-lo programa de reforzos para a Policía local de Vigo , polo que se autoriza-la realización por parte do persoal de Cadro da Policía Local, dun total de 5 xornadas adicionais respecto das legalmentes previstas, durante o ano 2007. As xornadas do ano 2007 realizaránse en todo caso entre o 23 de agosto e o 31 de decembro.*

*A Intervencion Xeral, con data 30 de agosto, informa da existencia de credito na partida 121.0.1500000 Productividade , e expide documento contable de retencion de credito (nº 51120) por importe de 352.393,00 €, correspondente a totalidade do gasto proposto*

*Correspondelle ó Xefe da Policía organizar a prestación das xornadas extraordinarias e no caso de que a realización dunha xornada de reforzo implique a interrupción do 2º ou 3º día de descanso do/a interesado/a, devengará un plus equivalente ao 25% da retribución correspondente. Na asignacion de xornadas de reforzo que impliquen o devengo deste plus deberá ser debidamente xustificada polo Xefe do Corpo, co conforme do Concelleiro delegado.*

*As xornadas de reforzo serán retribuídas en concepto de produtividade.*

*O importe de cada xornada será, segundo as categorías profesionais, o seguinte:*

- 1º.- Policía: 199,96 euros
- 2º.- Oficial: 212,97 euros
- 3º.- Inspector: 239,70 euros
- 4º.- Inspector principal: 248,72 euros

*Estas retribucións cobraránse mensualmente por xornadas realizadas no mes anterior.*

*As xornadas de reforzo non poderán realizarse en ningún caso durante o período de vacacións do interesado/a.*

*As xornadas extraordinarias non devengarán concepto retributivo algún distinto dos expresados no presente Acordo. En particular, non devengarán os pluses de nocturnidade e festividade. Si serán abonadas as gratificacións especiais que por Convenio están establecidas para navidades, fin de ano e aninovo (24, 25, 31 e 1).*

*Con data 7 de abril de 2008 recibese no Servizo de Persoal informe no que se comunica a non inclusion no listado das xornadas efectuadas no mes de decembro de 2007 no que se relaciona o persoal do Servizo da Policia Local que realizou as xornadas de reforzo do 1 ao 31 de decembro de 2007, a D Mariano Alonso Iglesias n de persoal 22310, e D Alvaro Miguel Cayetano Navarro , nº de persoal 14373, polo que se sollicita o aboamento da cantidade de 399.92 € e 199.96€ respectivamente, correspondentes as xornada de reforzo realizadas no mes de decembro de 2007.*

*Por elo, a técnica que suscribe PROPON a Xunta de Goberno Local a aprobacion da seguinte proposta:*

*Primeiro.- Recoñece-las obrigas que polo concepto de produtividade aos membro do Corpo da Policía Local, D Mariano Alonso Iglesias n de persoal 22310 polas xornadas de reforzo realizadas os dias 29 e 30 de decembro de 2007, por un importe de 399.92 € e D Alvaro Miguel Cayetano Navarro, nº de persoal 14373, as realizadas o dia 30 de decembro de 2007, por un importe de 199.96 €, con cargo a partida 1210.150000 "Productividade".*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **29(824).- GRATIFICACIÓNS POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO 24, 25 E 31 DE DECEMBRO E 1 DE XANEIRO DE 2008, DO SERVIZO DE XARDÍNS. EXPTE. 18206/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 19.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o Concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ó persoal que figura na relación adxunta no expediente e que comenza por Don Javier Lopez Arjona e remata por D Luis Gonzalez Martinez do servizo de Montes, Parques e Xardins , unha gratificación por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2006 e 1 de xaneiro de 2007, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascenden a un total de 749.10 €.

#### **30(825).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA-1º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18207/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 19.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o Concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar aos funcionarios D. Amando Diz Ocampo, D Jose Angel Fernandez Alonso, D Jose A Comesaña Campos e D Teresa Vaqueiro Herbello, persoal adscrito a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, as cantidades que se relacionan e que supón un total de 525,65 €:

Jose A Comesaña Campos, n de persoal, importe 51,06 €  
Teresa Vaqueiro Herbello, n de persoal , importe 257,6 €  
Jose Angel Fernandez Alonso, n de persoal , importe 76,86 €  
Amando Diz Ocampo, n de persoal. Importe 140,13 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

#### **31(826).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DOS CONDUCTORES DE SEGURIDADE DA 1ª TENENCIA ALCALDIA- 1º TRIMESTRE 2008. EXPTE.18203/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e dea cordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 21.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policia locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo periodo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2008:

D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade, por importe de 1591,01 €

D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 policia local-seguridade, por importe de 1902,81 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

**32(827).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN VEHÍCULO LIXEIRO, PERSOAL DO SERVIZO DE CULTURA E PROTECCIÓN CIVIL- 1º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18245/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e dea cordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados por D Ramon Vazquez Martinez (n Per 16478) do Servizo de Cultura e D José Antonio Sande Vázquez (N per 22970) do Servizo de Proteccion Civil , aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 346.5 €, correspondentes ó 1º trimestre de 2008 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**33(828).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL- ABRIL 2008. EXPTE. 18252/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e dea cordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a D Antonio Amoedo Garcia e D Antonio Gil Gonzalez, que figura na relación adxunta e que supón un total de 88.70 €, correspondente o mes de Abril 2008 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**34(829).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN- ABRIL 2008. EXPTE. 18253/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e dea cordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comenzan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de abril de 2008 e que ascenden a un total 597.25 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**35(830).- ABOAMENTO DOS SERVIZOS GRAN GALA POLICÍA LOCAL: VISITA MINISTRO URUGUAY E CONMEMORACIÓN RECONQUISTA. EXPTE. 18251/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e dea cordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da visita do Ministro de Uruguay o pasado día 22 de abril 2008 e a celebración da conmeracion da Reconquista o día 28 de marzo de 2008 prestaron servizos de Gran Gala, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Manuel Conde Vázquez e remata por D Carlos Perez Vázquez, por unha cantidade total de 695,40 €.

**36(831).- GRATIFICACIÓN POR EXCESO XORNADA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 18250/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e dea cordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de novembro-2007, e que ascenden a un total de 634.84 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

**37(832).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓNS DE FUNCIÓNS DE D<sup>a</sup>. ANA SOTO SOBRADO- 1º TRIMESTRE 2008 . EXPTE. 18199/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes*

*Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de abril de 2005 encomendouselle á funcionaria D<sup>a</sup> Ana Maria Soto Sobrado -con praza de administrativa de admón. Xeral e nº de rexistro de persoal 11475, adscrita o Servicio de información- a realización das tarefas propias da xefatura de negociado de información ata a incorporación da titular do mesmo.*

Con data 9 de abril de 2008, o xefe de Atención e Participación Cidadá remite escrito á Unidade de Persoal, solicitando o aboamento das diferenzas retributivas correspondentes á encomenda de funcións realizada a funcionaria D<sup>a</sup> Ana Maria Soto Sobrado, correspondente o período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2008.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005 (Bop de 7 de xuño de 2005) serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de información e administrativo de administración xeral son:

	Xefe negociado	Administrativo	Dif mensual
CE	657,09	492,11	164,98
CD	452,40	406,18	46,22
			211,2

De conformidade coas instrucións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria estivo en situación de baixa laboral o día 26 de marzo de 2008.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 626,56 €.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

*De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao órgano resolutor a seguinte proposta de acordo:*

*“Recoñecer á administrativa de admón.Xeral, D<sup>a</sup> Ana Maria Soto Sobrado, un complemento de produtividade por importe de 626,56 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”*

*Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **38(833).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE SERVIZO DE CEMITERIOS- ABRIL 2008. EXPTE. 18246/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de febreiro 2008, e que ascenden a un total de 1.044.33 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

#### **39(834).- GRATIFICACIONES POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL, MARZO-ABRIL 2008. EXP-TE. 18243/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	Relacion	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	TOTAL
Biblioteca Pública	marzo 08	De Romero Falque , Xose Lois a Gonzalez Gonzalez, Manuel	125,76	0,00	125,76
I.M.D.	marzo 08	De Rey Vazquez Sergio a Rial Estevez, Francisco	227,94	21,20	249,14
I.M.D.	abril 08	De Rey Vazquez Sergio a Rial Estevez, Francisco	113,97	29,15	143,12
1ª Tenencia Alcaldía	abril 08	De Alonso Rodriguez Juan Pablo a Perez Costas Jose Luis	404,79	212,00	616,79
Alcaldía	abril 08	Basilio Costas Fernandez	106,11	13,25	119,36
Alcaldía	abril 08	Cesareo Rocha Parames	216,15	71,55	287,70
Bombeiros	abril 08	De Abalde Fernandez Carlos a Villaverde Veileiro Jose B	24.625,38	17.749,70	42.375,08
Cemiterios	abril 08	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	1.994,48	0,00	1.994,48
Desinfección	abril 08	De Araujo Rodriguez Maria Salome a Rocha Alvarez Rogelio	0,00	190,80	190,80
Electromecánicos	abril 08	Arias Rodriguez Damaso	78,60	408,10	486,70
Limpeza	abril 08	De Fernandez Perez Fernando a Lojo Pancorbo, Jose Manuel	463,74	842,70	1.306,44
Montes, Parques e Xardíns	abril 08	De Araujo Conde Fernando a Vidal Alvarez Jose Luis	1.257,60	715,50	1.973,10
Conserxeria	abril 08	Jose Angel Fernandez Alonso	0,00	15,90	15,90
Conserxeria	abril 08	De Vaqueiro Herbello M Teresa a Martinez Muñoz Francisco	167,03	0,00	167,03
Parque Móbil	abril 08	De Alvarez Bernardez Amador a Vulcano Ferreryra J. Genaro	1.505,19	1.222,98	2.728,17
Policía Local	abril 08	De Abalde Casanova Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	31.057,00	26.650,48	57.707,48
Policía Local (xornada en exceso)	abril 08	De Alvarez Loureiro Alejandro a Vidal Lorenzo Lucia	2.328,54	318,02	2.646,56
Policía Local (xulgados)	abril 08	De Abalde Casanova Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	4.936,08	0,00	4.936,08
	TOTAL				118.069,68

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 118.069,68 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**40(835).- DISOLUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN U.A. POBO GALEGO. EXPTE. 4756/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 5.05.08, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 21 de febreiro de 2002, aprobou definitivamente o proxecto de Estatutos e Bases para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación do polígono único da Unidade de Actuación Pobo Galego.

Con data 15 de xullo de 2002 D. José Manuel Sobrino Manzanares, na súa calidade de presidente da Xunta de Compensación da U.A. Pobo Galego, presenta para a súa aprobación por esta administración, a escritura de constitución da devandita Xunta de Compensación, interesando tamén o seu traslado para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras.

A escritura pública de constitución da Xunta de Compensación foi outorgada por D. Jose Manuel Sobrino Manzanares e outros propietarios do polígono que representan mais do 50% da súa superficie ante o Notario D. Jose Antonio Rodríguez González, ó número 1.702 do seu protocolo, o día 5 de xuño de 2002.

De conformidade co disposto no artigo 168 e 169.2 do R.X.U. en relación co artigo 5 do R.D. 1093/1997 de 4 de xullo a xunta de compensación foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CPTOPT por resolución do Director xeral de urbanismo de 05.10.02.

Por acordo de 26.12.05 a Xunta de goberno local acordou aprobar definitivamente o cambio de compensación a concerto da UA Pobo Galego, así como a aprobación definitiva do proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en escritura pública do 27.07.05 perante o notario de Vigo D José Piñeiro Prieto co número 898 do seu protocolo (subsanada por outra complementaria e subsanatoria de 15.07.05 perante o mesmo notario e co número de protocolo (12227), promovida polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O 21 de abril de 2008 D. Salvador Fraga Rivas, como Presidente da Xunta Directiva da delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), presenta escrito no que se comunica a disolución da Xunta de compensación da UA Pobo Galego, achegando para o efecto escritura pública de disolución, outorgada perante o Notario don José Antonio Rodríguez González o 26.03.08, constando no número 727 do seu protocolo.

En consecuencia, vista a normativa aplicable, artigo 154 e seguintes da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 30.1 do Regulamento de Xestión Urbanística e 127.1 d) da LRBRL na nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, proponse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobala disolución da Xunta de Compensación da U.A. Pobo Galego constituída por escritura de constitución da Xunta de Compensación foi outorgada por D. Jose Manuel Sobrino Manzanares e outros propietarios do polígono que representan mais do 50% da súa superficie ante o Notario D. Jose Antonio Rodríguez González, ó número 1.702 do seu protocolo, o día 5 de xuño de 2002. Inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras do 5 de outubro de 2002. A escritura de disolución é de 26.03.08, realizada ante o notario don José Antonio Rodríguez González (número de protocolo 727).

Segundo.- Traslada-lo presente acordo ó Sr. Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV para a súa constancia no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, conforme ó disposto na orde do 30 de decembro de 1999 da citada Consellería e o artigo 30 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **41(836).- ALLEAMENTO DA PARCELA SOBRANTE SITA ENTRE A RÚA ARAGÓN E CAMIÑO ROSALES. PARCELA MUNICIPAL Nº 000577. EXPTE. 16921/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Oficina de Xestión, do 2.04.08, que di o seguinte:

Por resolución de 11.04.07, enténdese por desistido do procedemento á empresa “Desarrollos Damabe, S.L.”, e polo tanto declarar a caducidade e arquivo do expediente 16921/240 de alleamento de parcela sobrante na rúa Aragón-Camiño Os Rosales.

En data 27.04.07 don Basilio Martínez Serodio (e.r. do “Grupo BMS Galicia, S.L.”) presenta escrito no que se deduce a interposición de recurso de reposición á resolución do Vicepresidente da XMU de 11.04.07 polo que se declaraba a caducidade do expediente e o arquivo do mesmo (expte 16921/240). Así mesmo, solicítase de novo a incoación de novo expediente para o alleamento de parcela sobrante.

En data 11.06.07, a arquitecta da oficina de planeamento, informa o seguinte: "(...) Eféctuese a valoración dunha parcela de titularidade municipal (000577) pertencente ao Patrimonio Municipal do Solo. Dita parcela está situada en solo urbano consolidado, e cualificada coa ordenanza 1.1.B. de edificación en cuarteirón pechado.

Con data 28 de decembro de 2004, a oficina de cartografía da Xerencia de Urbanismo emitiu informe descriptivo da parcela, superficies, lindeiros e afeccións, acompañado do plano do levantamento planimétrico e deslinde a escala 1/200. No citado informe figura como superficie da parcela 87,28 m<sup>2</sup>, dos cales 14,50 m<sup>2</sup> están afectados polas aliñacións fixadas no expediente 8789/411 de liña e rasante. Con data 1 de febreiro de 2005 (nºexpte 50.975/421), a sociedade Grupo BMS S.L. obtivo licenza de obras para unha edificación composta de catro plantas de sotos, planta baixa, seis plantas de piso e un aproveitamento baixo cuberta para un total de 155 vivendas, nun solar dunha superficie total de 2.735,50 m<sup>2</sup>. Nesta superficie está incluída a parcela 000577 de titularidade municipal. Segundo establece a lei 9/2002 os criterios de valoración do solo serán os que sinala a lei estatal, lei 6/1998 sobre réxime do solo e valoracións. Dita lei establece no seu artigo 28 que o valor do solo urbano no suposto de inexistencia ou perda de vixencia dos valores catastrais, aplicaranse os valores de repercusión obtidos polo método residual. Na exposición de motivos da lei 6/98 refírese a este método: "el valor básico de repercusión se calculará por el método residual, comúnmente utilizado en el ámbito inmobiliario, en sus distintas modalidades, tanto por el sector público como privado": Neste caso aplicamos o método residual estático hipotecario, recollido na Orden ECO/805/2003 de 27 de marzo sobre normas de valoración de bens inmoables e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras, comunmente utilizado no ámbito inmobiliario.

#### PARCELA MUNICIPAL:

Superficie total: 87,28 m<sup>2</sup>, superficie dentro da ordenanza 1.1.B.: 72,78 m<sup>2</sup>.

É dicir, da parcela orixinal presentada no proxecto de edificio para a obtención da licenza, o 2,733% pertence ao Concello de Vigo, e polo tanto, o 2,733% da edificabilidade do edificio presentado pertence ao Concello de Vigo.

#### EDIFICABILIDADE TOTAL CORRESPONDENTE AO CONCELLO:

Planta soto -4:	72,77	m2c
Planta soto -3:	72,77	m2c
Planta soto -2:	55,54	m2c
Planta soto -1:	10,58	m2c
Planta baixa:	62,53	m2c
Planta 1ª	66,42	m2c
Planta 2ª, 3ª, 4ª:	181,81	m2c
Planta 5ª:	60,17	m2c
Planta 6ª:	57,21	m2c
Planta Baixo cuberta	46,61	m2c

#### VALORACIÓN:

A valoración realízase polo método residual estático, calculando o valor en base ao seu máis intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmoables actuais en venta ao conxunto de gastos e beneficios de construción e promoción, obtendo residualmente o valor do aproveitamento.

A fórmula recomendada e empleada pola ECO/805/2003 de 27 de marzo é a seguinte:

$$F = VM \times (1 - b) - C_i$$

Donde:

F = Valor do terreo.

VM = Valor do inmoble na hipótese de edificio terminado.

b = Marxe o beneficio neto do promotor en tanto por uno.

C<sub>i</sub> = Cada un dos pagos necesarios considerados.

#### **COSTE DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN ABERTA, VIVENDA COLECTIVA:**

Para calcular o coste da construción distínguense tres conceptos que son acumulativos: o coste de execución material, o beneficio industrial e os gastos xerais do contratista e outros gastos necesarios como honorarios técnicos, licenzas municipais e gastos de notaría e rexistro:

Calculamos co módulo básico do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que para o ano 2007 estableceu en Mb=426 €/m<sup>2</sup>.

C<sub>t</sub>= 1,00 edificación aberta, vivenda colectiva. Ct=1,10 soto 1º.

C<sub>u</sub>=1,1 uso residencial.

Teremos en conta a posibilidade de realizar sen cómputo de edificabilidade sotos para garaxe.

C<sub>u</sub>=0,40 uso garaxe. Coeficiente tipoloxía sotos a partir do -2: Ct=1,2.

O Presuposto de Execución Material por m<sup>2</sup> sería:  $426 \times 1,1 \times 1,00 + 0,45 \times 1,2 \times 0,4 = 560,62 \text{ €/m}^2$ .

Marxe industrial contratista: 19% (13% Gastos Xerais + 6% Beneficio Industrial):

$560,62 \times 0,19 = 106,52 \text{ €/m}^2$ .

COSTE DE CONSTRUCCIÓN POR CONTRATA C<sub>c</sub>:  $510,05 + 96,91 = 667,13 \text{ €/m}^2$ .

Outros gastos:

Honorarios arquitecto e arquitecto técnico: 12%:  $560,62 \times 0,12 = 67,27 \text{ €/m}^2$ .

Licencia: tasa + ICIO= 4,39% del Pem= 24,61 €/m<sup>2</sup>.

Gastos fiscaes, notaría e rexistro da propiedade, coste estimado: 20,01 €/m<sup>2</sup>.

Seguro decenal, inspección y control técnico, etc = 63,05 €/m<sup>2</sup>.

Gastos administración da promoción = 66,71 €/m<sup>2</sup>.

TOTAL COSTE CONSTRUCCIÓN:  $667,13 + 67,27 + 24,61 + 20,01 + 63,05 + 66,71 = 905,79 \text{ €/m}^2$ .

COSTE CONSTRUCCIÓN POR m<sup>2</sup> construído: 905,79 €/m<sup>2</sup>c.

Deducimos tamén da valoración a participación correspondente de urbanización e reposición de servizos. Os avais presentados do concello ascenden á cantidade de 45.036 euros, o 2,733% desta cantidade é 3.301,14 €, que dividida por 412,02 m<sup>2</sup> de edificabilidade adicada a vivenda, sae unha repercusión por m<sup>2</sup> de 2,99 €/m<sup>2</sup>c.

#### **GASTOS DE CONSTRUCCIÓN DE LOCAL SEN USO DETERMINADO:**

Calculamos co módulo básico do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que para o ano 2007 estableceu en Mb=426 €/m<sup>2</sup>.

C<sub>t</sub>= 1,00 edificación aberta

C<sub>u</sub>=0,4 local en planta baixa sen uso determinado.

O Presuposto de Execución Material por m<sup>2</sup> sería:  $426 \times 0,4 \times 1 = 202,78 \text{ €/m}^2$ .

Marxe industrial contratista: 19% (13% Gastos Xerais + 6% Beneficio Industrial):

$202,78 \times 0,19 = 32,38 \text{ €/m}^2$ .

COSTE DE CONSTRUCCIÓN POR CONTRATA Cc:  $170 + 32,38 = 265,18 \text{ €/m}^2$ .

Outros gastos:

Honorarios arquitecto e arquitecto técnico: 12%:  $20,45 \text{ €/m}^2$ .

Licencia: tasa + ICIO = 4,39% del Pem =  $8,11 \text{ €/m}^2$ .

Gastos fiscales, notaría e rexistro da propiedade, coste estimado:  $6,08 \text{ €/m}^2$ .

Seguro decenal, inspección y control técnico, etc =  $8,11 \text{ €/m}^2$ .

Gastos administración da promoción =  $20,28 \text{ €/m}^2$ .

TOTAL COSTE CONSTRUCCIÓN:  $202,78 + 6,08 + 20,45 + 7,48 + 8,11 + 20,28 = 265,18 \text{ €/m}^2$ .

COSTE CONSTRUCCIÓN POR  $\text{m}^2$  construído USO LOCAL:  $265,18 \text{ €/m}^2$ .

VALOR EN VENTA DA EDIFICACIÓN:

Dado o tipo de edificación, o seu uso e a súa situación, tras un estudio de mercado na zona, no que se analizaron ofertas en distintas páxinas de internet e revistas do sector inmobiliario, pódese deducir, razoablemente, como prezo de venda para a parte adicada a vivendas, coa parte proporcional dunha praza de garaxe e unha bodega por vivenda, a cantidade de  $3.071,32 \text{ €/m}^2$ .

Valoramos doutra parte a superficie adicada a uso local en planta baixa sen uso específico, neste caso o prezo que deducimos do estudio de mercado é de  $1.858,45 \text{ €/m}^2$ .

VALOR DA PARCELA MUNICIPAL:

USO VIVENDA

$F = VM \times (1-b) - C_i$

$b = 1,5 \times (TLR + PR)$        $TLR$ (tasa libre de riesgo) = 0,393       $PR$ (prima de riesgo) = 0,14

$F = 3.071,32 \times (1 - 0,2645) - 905,79 - 2,99 = 1.336,51 \text{ €/m}^2$ .

VALOR PARTE VIVENDA:  $412,02 \times 1.336,51 = 550.668,85 \text{ €}$

USO LOCAL

$F = VM \times (1-b) - C_i$

$b = 1,5 \times (TLR + PR)$        $TLR$ (tasa libre de riesgo) = 0,393       $PR$ (prima de riesgo) = 0,16

$F = 1.858,45 \times (1 - 0,2990) - 265,18 = 1.037,59 \text{ €/m}^2$ .

VALOR PARTE LOCAIS:  $53,00 \times 1.037,59 = 54.992,27 \text{ €}$

VALOR TOTAL DA PARCELA MUNICIPAL:  $550.668,85 + 54.992,27 = 605.661,12 \text{ €}$

Tras a realización dos cálculos correspondentes ao procedemento do método residual estático dedúcese que o valor total da parcela obxecto deste informe é de  $605.661,12 \text{ €}$ .

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do día 2 de marzo de 2006 adoptou o acordo "Adopción de criterios para a xestión do Patrimonio Municipal do Solo", no seu apartado II, establécense os criterios para a posibilidade de adicar os bens inmobiliarios a usos residenciais susceptibles de protección pública. A parcela obxecto desta valoración non é adecuada a dita finalidade xa que constitúe un proindiviso (...). A esta cantidade necesariamente hai que engadir o IVE correspondente.

Por Resolución da Delegada da área de urbanismo e vivenda de data 1.08.07 se comunicou o seguinte: "(...) De acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, desestimar o recurso de reposición interposto por don Basilio Martínez Serodio <e.r. de <<Grupo BMS Galicia, S.L.>>>. No caso que se entenda procedente a incoación de novo expediente de alleamento de parcela sobrante, outorgar á empresa <Grupo BMS Galicia, S.L.>

*un prazo de audiencia de 15 días para que formule tantas alegacións e aporte cantos documentos estimen necesarios á presente proposta e á valoración incluída na mesma (...)*”.

*O 28.12.07 don Basilio Martínez Serodio, como administrador e representante da entidade mercantil “Grupo BMS Galicia, S.L.” se comunica o seguinte: “(...) Que se manifesta la conformidad a la Compraventa por parte del Grupo BMS Galicia, S.L. de la parcela sobrante de titularidad municipal en el precio objeto de tasación por los técnicos municipales. Que se solicita que se aprueba por el Concello de Vigo formalizar dicha enajenación, para completar la parcela-solar propiedad del Grupo BMS Galicia, S.L. Que se conceda, a los efectos de abono del precio resultante de la tasación por parte de los técnicos municipales, fraccionamiento en el pago de dicho precio resultante, en las condiciones a tales efectos a determinar por la intervención del Concello de Vigo. En su virtud, pues, procede y al Concello de Vigo, SUPlico, tenga por presentado y admitido este escrito y por manifestada la conformidad para la compra de la parcela sobrante de titularidad municipal en el precio tasado por los técnicos municipales, se acuerde formalizar dicha enajenación, y se otorgue en las condiciones*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Constitución española (artigos 33, 148.1.3º, 149.1.18º etc...).*
- *Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións (de aplicación no presente suposto en virtude do disposto na disposición transitoria terceira, punto primeiro da Lei 8/07, de 28 de maio, de solo).*
- *Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.*
- *Real decreto 2.159/1.978, polo que se aproba o regulamento de planeamento urbanístico.*
- *Lei 33/03, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. Real decreto 1.372/86, 13 de xuño, de bens das Corporacións Locais.*
- *Lei de 16 de decembro de expropiación forzosa e decreto de 16 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da anterior lei.*
- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.*

#### FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

*1.-Natureza do ben descrito no inventario municipal de bens co número 00057 e sito na rúa Aragón.- De acordo co informado pola oficina de patrimonio do Concello, o ben obxecto do presente expediente ten a natureza de patrimonial e foi expropiada no ano 1972. Se ben foi adquirida para afecta-la ó uso público, no planeamento vixente consta coa clasificación de urbana e fora do vial que motivou a súa adquisición. Consecuentemente se encontra desafectada implícitamente polo instrumento de planeamento xeral, de acordo co establecido no artigo 8.4.a do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.*

*2.-Carácter de parcela sobrante.- O artigo 7.2 do rd 1372/86, conceptúa as parcelas sobrantes como aquelas porcións de terreo propiedade das Entidades Locais que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento non fosen susceptibles de uso adecuado. No informe emitido polo arquitecto técnico da oficina de planeamento se constata tal feito, ó non acadar a superficie mínima esixida pola ordenanza 1.1.B de edificación de manzana pechada. Propoñe como unha solución posible a realización de operacións de reparcelación, coas parcelas colindantes, non sendo necesario naquel caso que o único propietario lindante adquira a mesma.*

*3.-Natureza do contrato de enaxenación de parcela sobrante.- O contrato ten as características propias do contrato de compravenda, regulado nos artigos 1445 e seguintes do Código civil. Tendo en conta o artigo 9º do real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, os contratos de tal natureza se rexerán en canto a súa preparación e adjudicación (en defecto de normas) pola antedita Lei e os efectos e extinción, polas normas de dereito privado. Non obstante, en contratos como o de compravenda, prevalece a lexislación patrimonial (artigo 9.1 do rdlex. 2/2000). O artigo 115.1 do rd 1372/86, permite a venda directa de parcelas sobrantes a propietarios colindantes. Dada a natureza especial do ben e do carácter de sobrante (pese a pertencer ó patrimonio municipal do solo) enténdese que non de apli-*

cación as disposicións sobre forma de adxudicación prevista no artigo 177 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Por outra parte, o sometemento á lexislación de contratos administrativos dos actos de preparación e adxudicación, esixe que os adquirintes cumpran os requisitos de capacidade, solvencia e non estén incursas nalgunha das causas de prohibición para contratar previstas no artigo 20 do R.D. 2/2000.

4.-Necesidade de que se acredite a condición de propietario colindante.- Queda acreditado a condición de colindancia da parcela de titularidade do “Grupo BMS Galicia, S.L.”.

5.-Depuración da situación física e xurídica.- Tal e como se menciona no artigo 113 do R.D. 1372/86, se deberá depurar previamente a situación física e xurídica da parcela, inscribiéndose no Rexistro da Propiedade cando non o estivera. Consta no expediente informe detallado da oficina de cartografía. Por outra parte, o adquirente coñece a situación xurídica da parcela sobrante para os efectos previstos no artigo 136.2 da Lei 33/03, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

6.-Órgano competente para a adopción do acordo de enaxenación directa da parcela sobrante.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, a competencia orixinaria corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, formúlase a seguinte PROPOSTA:

1.- Acordar a enaxenación directa da parcela sobrante propiedade do Concello de Vigo, inventariada co número 57 integrante no Patrimonio municipal do solo, por un prezo de 605.661,12 € (máis o IVE que corresponda) á entidade mercantil “Grupo BMS Galicia, S.L.”. Rectificar o acordo adoptado o 23.03.06 polo Consello da Xerencia municipal de urbanismo. Establecer como parte dispositiva do mesmo o contido seguinte:

2.- Con carácter previo á adopción do acordo, precísase o correspondente informe de fiscalización.

3.- Dar de baixa no inventario de bens municipais a parcela sobrante obxecto do presente acordo.

4.- Informar ó interesado que contra o presente acordo poderá interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración ou contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **42(837).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES URBANAS LAXA POR OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA MÉXICO. EXPTE. 54971/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 14.05.08, conformado pola concelleira que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por PROMOCIONES URBANAS LAXAS de data 28/02/08, en relación o aval constituído en data 05/02/2007, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras de canalización na Rúa México, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 14 de maio de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE

Proceder a devolución do aval a PROMOCIONES URBANAS LAXAS, constituído na data reseñada, polo importe de 49,38 euros.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(838).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A INTECGA S.L. POR OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA NO CALEXÓN DE NUÑEZ, RONDA DE D. BOSCO E PROGRESO. EXPTE. 54975/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 14.05.08, conformado pola concelleira que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por INTECGA S.L. de data 28/02/08, en relación o aval constituído en data 04/04/07, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de acometida , constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 14 de maio de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE*

*Proceder a devolución do aval a INTECGA S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 904,73 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**44(839).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A INTECGA S.L. POR OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA NA RÚA MÉXICA E PARAGUAY.EXPTE. 54973/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 16.05.08, conformado pola concelleira delegada de dito servizo que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por INTECGA S.L. de data 28 de febreiro de 2008, en relación o aval constituído en data 19/02/2007, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de acometida eléctrica, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 15 de maio de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE*

*Proceder a devolución do aval a INTECGA S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 442,50 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**45(840).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ELYME S.L. POR OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA NA RÚA RONDA DE DON BOSCO. EXPTE. 55802/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 16.05.08, conformado pola concelleira delegada de dito servizo que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por ELYME S.L. de data 12 de febreiro de 2008, en relación o aval constituído en data 21/08/2007, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de acometida eléctrica, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 15 de maio de 2008, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:*

*Proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 674,74 euros.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **46(841).- DAR CONTA DA INSTALACIÓN DE DOUS PASOS DE PEÓNS RESALTADOS OU SOBREELEVADOS EN COUTADA-BEADE. EXPTE. 74792/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral da Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, do 22.05.08, conformado polo xefe da Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, que di o seguinte:

#### I. FEITOS:

1.- *Mediante escrito de data 19.02.2008, o Xefe de Área de Mobilidade, Transportes, Seguridade e Extinción de Incendios comunica ao Coordinador de Servizos Xerais a pretensión municipal de instalar en determinadas vías da cidade, entre a que se atopa Coutada-Beadel, pasos de peóns resaltados coa finalidade de reducir nestas vías a siniestralidade e a excesiva velocidade motorizada dos vehículos. Asemade, solicítalle a emisión de informe e o seguimento por parte do seu servizo das obras que se executen.*

2.- *Con data 20 de febreiro de 2008, D. Esteban López Figueroa (Grupo de Enxeñería e Deseño- Universidade de Vigo), emite informe técnico sobre “pasos peatonales sobreelevados” donde regula os criterios de uso, deseño, características técnicas e sinalización vertical e horizontal dos pasos a instalar.*

3.- *Con data 21 de febreiro de 2008, o Xefe de Área de Servizos Xerais emite informe nos seguintes termos: “... por parte desta Área de Servizos, no relativo ás súas competencias, non existe inconveniente algún en que por parte dese Servizo se proceda á instalación dos pasos de peóns resaltados aos que se fai referencia.”*

4.- *Por Resolución do Presidente da Diputación de Pontevedra de 04.04.2008, que tivo rexistro de entrada no Concello de Vigo o 16.04.2008, con doc nº 80045784, autorízase a execución de obras para construción de pasos sobreelevados na rúa Coutada (Beadel) de acordo coas prescricións técnicas marcadas polos técnicos do Concello de Vigo.*

5.- *Con data 21 de maio de 2008, a Enxeñeira Técnica Municipal de Mobilidade emite informe nos seguintes termos:*

*“... Atendendo o compromiso político do Sr. Concelleiro de Mobilidade, Transporte e Seguridade de acometer varias actuacións de reductores de velocidade: bandas transversais de alerta, reductores de velocidade prefabricados, reforzo da sinalización horizontal, instalación de barandas, aparcadoiros de motos e a construción de pasos de peóns sobreelevados.*

*Cada unha destas actuacións deberá poñerse en marcha con independencia, de outras como é, neste caso a construción de pasos sobreelevados en diversas rúas da cidade, que mellorarán a seguridade vial, tendo en conta toda a lexislación sobre tráfico, circulación e seguridade vial que son competencias do concello así como as recomendacións sobre reductores de velocidades dos que non existe normativa específica.*

*Consideracións legais*

*Compre sinalar que segundo a normativa vixente de ordenanzas municipais e a lexislación sobre tráfico, circulación e seguridade vial o concello establecerá as medidas necesarias para evitar calquer situación de perigo ou entorpecemento da circulación por parte dos usuarios da vía e regularanse os elementos de seguridade activa e pasiva no termo municipal.*

*Os símbolos de sinalización acomadaranse aos modelos establecidos pola convención sobre sinalización vial. Tamen corresponde ao concello a ordenación e control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios e as denuncias e sancións das infraccións que se cometan en ditas vías.*

*Terase en conta que a realización de obras, instalacións ou calquer outro elemento u obxecto de forma permanente necesitará a autorización previa do titular das mesmas polo que parece axeitado que a execución fora inspeccionada polo departamento responsable das obras municipais e o seu mantemento.*

*Neste caso a Diputación Provincial de Pontevedra autorizou a execución das obras para construción dun paso sobreelevado na rúa Coutada Beade con data 4 de abril de 2008.*

*Os titulares da vías fixarán empregando a sinalización correspondente as limitacións de velocidade específicas que correspondan con arreglo as características do tramo da vía.*

*Consideracións técnicas*

*Segundo a normativa vixente e as recomendacións a ter en conta cando analizamos a rúa proposta a rúa Coutada Beade para construír paso sobreelevado, estas actuacións son sempre reductores de velocidade, que melloiran a seguridade dos peóns pero penalizan a circulación de vehículos e os seus usuarios.*

*Os reductores de velocidade sobreelevados son dispositivos que modifican un tramo moi corto da rasante da estrada, cuns centímetros de altura en varios metros de lonxitude no sentido da marcha, co obxecto de producir aceleracións verticais o vehículo e á o seu conductor para que manteña unha velocidade adecuada ao entorno que atravesa.*

*Os pasos contarán cunha zona sobreelevada plana e dous tramos en pendente, formando no sentido lonxitudinal da estrada un trapecio. A parte elevada terá unha lonxitude 5 metros, para manterse dacordo co resto dos pasos da cidade e unha altura recomendada de 10cm sobre a rasante da calzada. As rampas de acceso dispondrán dunha pendente do 4% que poderá elevarse ata o 10% para garantir limitacións de velocidade a 30km/h.*

*Os pasos de peons terán continuidade coa rasante das aceras colindantes, polo que estas deberán axustarse e crear zonas de transición.*

*Instalanrase a distancia mínima de 40 metros dunha curva cun radio inferior a 200 metros.*

*Instalarse de forma perpendicular a estrada ocupando a totalidade da mesma e dicir a ambos carrís de circulación.*

*Os materiais para a construción destes dispositivos deben cumprir as seguintes condicións:*

*Adecuada resistencia ao deslizamento con valores de CRT superiores a 0,45 durante su vida útil.*

*Adecuada resistencia á acción da carga do tráfico.*

*Adecuada estabilidade, indeformabilidade, e perdurabilidade.*

*Drenaxe:*

*Garantizarse o drenaxe das augas que circulan pola calzada de forma que non se produzan retencións de agua ou encharcamento nos extremos do ralentizador.*

*Anclaxe:*

*Debe garantirse un adecuado anclado a calzada, para elo realizarse un fresado nos bordes de ataque das rampas duna banda de ancho mínimo de 50 cm e unha profundidade de 5 cm.*

*Sinalización:*

*O principio básico da sinalización destes dispositivos o ser elementos que sobresaen da calzada, debe garantirse a súa máxima visión. polo que se aconsella a utilización de dibuxos e elementos non habituais na calzada con fin de chamar a atención dos conductores.*

*Sinalización horizontal: A parte horizontal do paso, e dicir a banda de paso dos peóns estricto, pintarse según o disposto no regulamento de estradas.*

*As franxas lonxitudinais a marcha prolongaranse en forma de punta de flecha na zona das rampas de acceso ata o inicio da rampa, onde se situará o vértice da punta de flecha.*

*Pintaranse bandas brancas de 40 cm de anchura ( M-4.1), de forma transversal á calzada, en progresión antes do inicio das rampas de paso.*

*A calidade da pintura garantizara tanto a súa perdurabilidade como o nivel da adherencia esixido na normativa de estradas.*

*Sinalización vertical:*

Sinalización de advertencia presinalizarase mediante a sinal P-15 a distancia que corresponda. Situarase inmediatamente antes do paso unha sinal S-13 de paso peatonal, incluso con sinalización luminosa destellante co obxecto de poder ser percibida desde maior distancia.

#### Iluminación

O ralentizador contará con iluminación nocturna aos efectos de garantir a súa visibilidade e localización, así como a detección de peóns en su caso por parte dos condutores.

Sinalar finalmente que para súa execución deberá terse en conta as dificultades que supón a obtención duna xeometría asustada ao indicado en este documento si se utilizan mezclas asfálticas”

## II. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, de 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- LALGA: Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- TALT: Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.
- RXC: Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

## III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

### 1.- Finalidade da medida de implantación de pasos de peóns resaltados:

Ao abeiro do disposto nos informes de datas 20 de febreiro e 21 de maio de 2008, obrantes no expediente administrativo, a instalación destes pasos de peóns resaltados nas vías urbanas da nosa cidade responde á finalidade de reducir a siniestralidade nas devanditas vías así como a excesiva velocidade motorizada dos vehículos mellorando a seguridade dos peóns. Estas actuacións puntuais englobanse dentro da actuación xeral da Concellería de Mobilidade dirixida ao control da velocidade dos vehículos (por exemplo a actuación do radar, a política de educación vial, o incremento da vixilancia policial ...). En todo caso, o obxectivo final da Administración Municipal e a mellora da calidade de vida da cidadanía de acordo co disposto no artigo 45.2 CE.

Considerando o precedente do paso de peón resaltado instalado hai tempo na rúa Fragoso, donde se obtiveron resultados satisfactorios, ao abeiro dos informes obrantes no expediente, así como a implantación destes pasos en moitas cidades do territorio nacional e internacional con resultados positivos, xustifícase a oportunidade e conveniencia do desenvolvemento desta actuación para acadar os resultados perseguidos.

### 2.- Competencia municipal:

A instalación do paso de peón resaltados en Cotada-Beadé é competencia municipal en virtude do establecido no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 80.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, artigo 7.a) do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e artigo 5.2 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

Considerando que o Municipio conforme aos artigos 25.2.b) da LRBRL 7/1985 e 80.2.b) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, e coa finalidade da procura dunha mellor calidade de vida da nosa cidadanía (art 45.2 CE), xustifícase a implantación destes pasos. Esta medida pretende facer efectiva a convivencia do tráfico rodado e peonil.

*Asemade, ao abeiro do disposto no artigo 5.2 do RXC os resaltos nos pasos para peóns e bandas transversais non se considerarán obstáculos na calzada sempre que cumpran a regulación básica establecida ao efecto polo Ministerio de Fomento e se garanta a seguridade vial dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.*

3.- Características técnicas, ubicación e sinalización dos pasos de peóns resaltados:

*- Puntos de ubicación: Os dous pasos de peóns resaltados instalaranse na rúa Coutada (Beadel) á altura do centro Cultural, vía de titularidade da Diputación Provincial, de acordo co proxecto anexo ao informe da Enxeñeira Técnica Municipal de Mobilidade de 21.05.2008.*

*- As características técnicas, deseño, materiais, dimensións e a sinalización tanto vertical como horizontal destes pasos, realizarase segundo o disposto no devandito informe técnico. En todo caso, deberá garantirse a seguridade vial dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.*

*En méritos dos feitos e fundamentos de dereitos expostos,*

PROPONSE:

*PRIMEIRO.- Instalar un paso de peón resaltado na rúa Coutada- Beadel, vía de titularidade da Diputación Provincial, de acordo cos criterios técnicos contidos no informe da Enxeñeira Técnica Municipal de Mobilidade de data 21 de maio de 2008 e os mandatos contidos na Resolución do Presidente da Diputación de Pontevedra de 04 de abril de 2008.*

*SEGUNDO.- Sinalizar horizontal e verticalmente estes pasos de acordo co disposto nos informes técnicos de datas 20 de febreiro de 2008 elaborados por D. Esteban López Figueroa (Grupo de Enxeñería e Deseño-Universidade de Vigo) e pola Enxeñeira Técnica Municipal de Mobilidade.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución ao Servizo de Vías e Obras así como aos inspectores de Mobilidade para que fiscalizen a correcta execución e sinalización da obra.*

*CUARTO.- Notificar a presente Resolución á Xefatura da Policía Local de Vigo e dar conta da mesma á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.*

O cocelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**47(842).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE NAVIA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A III MARCHA CICLISTA A NAVIA, O 1.06.08. EXPTE. 7819/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta di director deportivo do IMD, do 19.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación Veciñal de Navia a organizar o vindeiro domingo 1 de xuño de 2008, a III Marcha Ciclista a Navia, dita proba terá a saída dende a rúa Devesa de Navia, ás 10.30 horas, e percorreren diversas rúas da cidade, tendo prevista a chegada ás 12.30 horas ao Centro Veciñal de Navia.

**48(843).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 44ª EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS. EXPTE. 7818/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Escudería Rías Baixas, para a celebración da 44ª Edición do Rallye Rías Baixas, que se vai celebrar na cidade os días 30, 31 de maio e 1 de xuño de 2008 e que se achega con este expediente.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto de 35.000,00 €. a favor da entidade Escudería Rías Baixas, CIF: G-36645398, e con enderezo social na 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. O pagamento realizarase na conta 2080 0147 11 0040003914 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento .

Terceiro: Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 44ª EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS A CELEBRAR ENTRE O 30 DE MAIO E O 1 DE XUÑO DE 2008.

No Concello de Vigo, con data \_\_\_\_\_ de 2008.

Por parte do Concello de vigo: D. Fco. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de deportes

En nome e representación da "Escudería Rías Baixas", CIF: G-36645398: D. Fernando Mouriño Sío

*Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para asinar o presente convenio.*

MANIFESTAN:

*Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de vigo ten a realización do Rallye Rías Baixas, que con grande éxito vense celebrando dende fai 43 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Escudería Rías Baixas" conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2008.*

PRESCRIPCIÓNS:

Primeira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas para o desenvolvemento do evento deportivo "44ª Edición do Rallye Rías Baixas" nas datas 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2008.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición fin al primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interés público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese público e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que a Escudería Rías Baixas ten experiencia para o fomento deportivo en Vigo, sendo a entidade que desenvolveu este proxecto nas súas anteriores edicións em base a ser a entidade que ten as autorizacións federativas para a organización deste evento.

A escudería Rías Baixas para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

- Autorizar a organización da 44ª Edición do Rallye Rías Baixas á Escudería Rías Baixas, para a celebración do mesmo os días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2008.
- Colaborar na financiación do Rallye Rías Baixas a través da subvención á “Escudería Rías Baixas” en relación ós gastos para a organización e desenvolvemento da 44ª Edición do Rallye Rías Baixas, por unha cantidade de 35.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, Subvencións Eventos Deportivos, do orzamento en vigor.

Cuarta: A Escudería Rías Baixas asume as seguintes obrigas:

- Organizar a 44ª edición do Rallye Rías Baixa, no ano 2008.
- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
- Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude.
- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Quinta: O seguimento da execución do presente convenio será realizado polo servizo de deportes da Concellería de deportes do Concello de Vigo.

A Concellería de Deportes, a través do servizo de deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Escudería Rías Baixas da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instructor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Sexta: Así mesmo acordan que todos os ingresos derivados da organización do 44ª Edición do Rallye Rías Baixas serán percibidos en beneficio da “Escudería Rías Baixas”.

Sétima: A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización da “44ª Edición do Rallye Rías Baixas 2008”.

Oitava: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Novena: A Escudería Rías Baixas deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera Subvención que reciba para a organización da 44ª Edición do Rallye Rías Baixas.

Décima: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos.

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, a Escudería Rías Baixas deberá adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

1- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou pola propia Escudería Rías Baixas que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.

Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, o Director Deportivo do IMD procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pagamento dos 35.000,00 € correspondentes á subvención.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamiento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

**49(844).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO SUBALTERNOS. EXPTE. 18260/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.05.08, dáse conta do informe-proposta da técnico de Organización, do 20.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 15 de maio de 2008, a Xefa de Subalternos remite oficio apercibindo da urxente necesidade de proceder á formalización dunha contratación temporal de seis subalternos/as por mor da situación existente no Servizo como consecuencia das numerosas baixas de enfermidade coas que conta e o aumento da carga de traballo experimentado no mesmo e, o inminente comezo do periodo vacacional dos traballadores do Servizo.*

*O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 19 de maio pasado, prestou conformidade a referida proposta, autorizando a contratación interina de seis subalternos/as por acumulación de tarefas.*

*Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de sete prazas de Subalternos/as, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 19 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, praza da que tomaron posesión o 6 de agosto de 2008, tralo seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 9 de xullo anterior. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 29 de abril de 2008, nomeou interinamente a aspirante que figuraba no posto núm. 7, como alguacil e os aspirantes que figuran entre os postos 8 e 17, amolosdous inclusive, como subalternos interinos, prazas das que tomaron posesión o 30 de abril seguinte.*

*Requeridas os/as seis aspirantes da lista de substitucións referida, que se corresponden cos aspirantes nºs 18-Vázquez Alvarez, Rosa Teresa, 19-Ocampo Cardalda, Alejandro, 25-González Sánchez, Isabel, 27-Amoedo Rodríguez, Surayma M<sup>a</sup>., 28-Alonso Jorge, Rocío e 29-Ocampo Carracelas, Vanessa (toda vez que as que figuran nos postos 20, 21, 22 e 23, xa figuran como contratadas laborais na actualidade por acumulación de tarefas, por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 3 de decembro de 2007, 14 de xaneiro e 10 de marzo de 2008, que se achegan ó expediente e, as que figuran nos postos nºs 24 e 26, contan na actualidade coa condición de funcionarias de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar, estos/as aceptaron expresamente, mediante escritos de 20 de maio actual, optar á referida contratación interina por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Unidade de Persoal os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, d'accordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 81 da RPT vixente).*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*

*Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de subalterno/a.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte, PROPOSTA:*

*“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento interino por acumulación de tarefas de seis funcionarios/as interinos/as, como Subalternos/as.*

*Segundo.- Nomear interinamente por un periodo máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. Rosa Teresa Vázquez Álvarez, DNI 36.045.605-M, D. Alejandro Ocampo Cardalda, DNI 76.894.626-Z, D<sup>a</sup>. Isabel González Sánchez, DNI 36.151.568-F, D<sup>a</sup>. Surayma M<sup>a</sup>. Amoedo Rodríguez, DN 76.991.512-R, D<sup>a</sup>. Rocío Alonso Jorge, DNI 36.115.017-A e D<sup>a</sup>. Vanessa Ocampo Carracelas, DNI 36.172.470-W, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de*

*Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.*

*Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **50(845).- BASES DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E /OU ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO. EXPTE. 5197/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.05.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases que se achegan, de procedemento de selección e contratación do persoal para a realización das accións de información e/o orientación e busca de emprego, conforme establece orde de 24 de marzo de 2008 da consellería de Traballo da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

#### *BASES PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E/O ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO.*

---

#### *Natureza e duración dos contratos:*

*O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada a xornada completa.*

*A duración será de un (1) ano de contrato coa posibilidade de unha prorroga de un (1) ano.*

*As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2008-2011.*

*Establécense os seguintes períodos de probas:*

*Para os postos de Coordinador/a e de Técnicos: Tres (3) meses.*

*Para os postos de Auxiliar administrativo Un (1) mes.*

#### *Postos de traballo:*

*Tres (3) Técnicos de Orientación e Información Laboral*

*Un ou unha (1) Auxiliar administrativo.*

#### *Funcións e perfís requeridos:.*

*Para o postos de Técnicos de Orientación e Información Laboral*

*Con funcións de información e orientación dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego..*

*Titulación media ou superior.*

*Titulacións preferentes:*

*Psicoloxía.*

*Pedagogía.*

*Psicopedagogía.*

*Socioloxía.*

Educación social.

Traballo social.

Diplomatura de relacións laborais.

Experiencia profesional en información profesional e/ou orientación laboral.

Coñecementos de informática a nivel usuario.

Coñecemento do Galego.

Para o posto de Auxiliar administrativo.

Con funcións de apoio administrativo e atención ó público.

Ciclo de grado medio ou superior de administración, secretariado ou equivalente.

Experiencia (como auxiliar administrativo) con funcións de atención ao público.

Coñecemento de informática

Coñecemento da lingua galega.

Procedemento de selección:

Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.

Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.

Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requeridas como imprescindibles.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.

Ós/as candidatas/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias comulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.

A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

Valoración dos méritos aportados:

Esta función realizarana o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello. .

Para os postos de Técnicos de Orientación e Información Laboral:

Titulación académica (máximo 2,50 puntos):

Titulación establecida como preferente:

Psicología 2,50 puntos.

Pedagogía 2,50 puntos.

Psicopedagogía 2,50 puntos.

Socioloxía 2,00 puntos.

Educación social 2,00 puntos.

Traballo social. 2,00 puntos.

Diplomatura de relacións laborais 2,00 puntos.

Outras titulacións. 1,00 puntos.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):

Másters, cursos, etc, en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, formación ocupacional, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, técnicas de entrevista, orientación laboral, aplicación e valoración de probas psicotécnicas, técnicas de comunicación e motivación, adestramento en habilidades sociais, relacións laborais, traballo e dinámica de grupo, resolución de conflitos, etc.

Por cada 30 horas 0,10 puntos.

Experiencia profesional en información e/ou orientación laboral (máximo 5 ptos):

Directa (máximo 3 ptos) 0,40 puntos/semestre.

Indirecta (máximo 2 ptos) 0,10 puntos/semestre.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

Curso de Iniciación ou equivalente: 0,15 puntos.

<i>Perfeccionamento ou equivalente</i>	<i>0,25 puntos.</i>
<i>Outros méritos relacionados coa informática (máximo 0,25 puntos)</i>	
<i>Por cada curso de entre 20 e 49 horas</i>	<i>0,05 puntos.</i>
<i>Por cada curso de entre 50 e 249 horas.</i>	<i>0,10 puntos.</i>
<i>Por cada curso de máis de 250 horas</i>	<i>0,20 puntos.</i>
<i><u>Valoración de méritos para os postos de Auxiliares Administrativas/os:</u></i>	
<i>Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):</i>	
<i>Titulación superior e complementaria</i>	<i>1,00 puntos.</i>
<i>Experiencia profesional: (máximo 5 ptos):</i>	
<i>Na administración local.</i>	<i>0,10 puntos/mes.</i>
<i>En outras administracións ou empresas</i>	<i>0,05 puntos/mes.</i>
<i>Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):</i>	
<i>Por cada curso de entre 20 e 49 horas</i>	<i>0,10 puntos.</i>
<i>Por cada curso de entre 50 e 249 horas.</i>	<i>0,20 puntos.</i>
<i>Por cada curso de máis de 250 horas</i>	<i>0,40 puntos.</i>
<i>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</i>	
<i>Curso de Iniciación ou equivalente:</i>	<i>0,50 puntos.</i>
<i>Perfeccionamento ou equivalente</i>	<i>1,00 puntos.</i>
<i>Outros cursos de máis de 49 horas</i>	<i>0,50 puntos.</i>
<i>Outros méritos relacionados coa informática e ou os idiomas.(máximo 1 punto)</i>	
<i>Por cada curso de entre 20 e 49 horas</i>	<i>0,10 puntos.</i>
<i>Por cada curso de entre 50 e 249 horas.</i>	<i>0,20 puntos.</i>
<i>Por cada curso de máis de 250 horas</i>	<i>0,40 puntos.</i>

*Comisión de selección:*

*Estabécese a seguinte Comisión de selección:*

*Postos de Auxiliar Administrativo:*

*Presidencia:*

*Titular: Francisco J. Gutiérrez Orúe*  
*Suplente:*

*Secretario/a:*

*Titular: Marta Alonso Posada*  
*Suplente: Rosa María Otero Malvares*

*Vocais:*

*Titulares: 1.- Emilio Iglesias*  
*2.- Jesús López Moure - Servizos Xerais*  
*3.- Arsenio Alonso Rodríguez*  
*Suplentes: 1.- Albino Rodríguez*

*Presentación de solicitudes:*

*Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.*

*Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.*

*Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.*

*Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.*

*O requisito para contratar será comprobado por esta Admnsitración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.*

**51(846).- BASES DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL UTIL, ENCADRADO NO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXPTE. 5196/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.05.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases que se achegan, de procedemento de selección dos beneficiarios e beneficiarias do programa de inserción laboral UTIL, encadrado no Plan Municipal de Emprego 2008-2011.

*BASES PARA A SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA MUNICIPAL UTIL (Unidade de Traballo para a Inserción Laboral)*

1. *Obxecto da Convocatoria.*

1.1. *O obxecto da presente convocatoria é a selección de beneficiarios e beneficiarias nas categorías de peóns e oficiais para a quenda correspondente o ano 2008-2009.*

1.2. *Convocatoria:*

*1ª quenda: Haberá unha convocatoria no ano 2008 para seleccionar aos beneficiarios/as.*

*Haberá unha nova Convocatoria por cada quenda, según os orzamentos municipais, e ata a finalización do programa.*

2. *Contratación das persoas beneficiarias seleccionadas:*

2.1. *De conformidade coa natureza e fins dos Programas do Plan Municipal de Emprego e coas prescricións contidas na lexislación laboral de aplicación, os contratos realizaranse con unha duración inicial de seis meses prorrogables por outros seis, establecéndose un período de proba de tres meses.*

2.2. *Coa finalidade de permitir o acceso ao programa ao máximo número posible de beneficiarios e beneficiarias, non se poderá contratar aos beneficiarios que houberan sido contratados baixo a mesma modalidade no prazo de dous anos desde a finalización do anterior contrato, sempre e cando o beneficiario ou beneficiaria fose contratado por un período igual ou superior a doce meses neses dous anos.*

2.3. *Todos/as os/as candidatos/as seleccionados/as para o UTIL deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o Equipo Técnico considere axeitadas para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a súa exclusión do proceso selectivo. Así mesmo, o incumprimento de dito compromiso por parte dos beneficiarios durante o período de contrato, poderá ser motivo de cese laboral.*

2.4. *Tras o proceso de selección e previo á contratación das persoas que resulten seleccionadas, éstas haberán de pasar un recoñecemento médico para obter á calificación de “apto” e poder integrarse definitivamente no programa, sen a cal a persoa non poderá ser contratada para o mesmo.*

2.5. *As persoas seleccionadas contrataranse no réxime de dereito laboral temporal de conformidade con algunhas das modalidades previstas no art. 15 do Estatuto dos Traballadores. En tódolos casos, o persoal contratado estará suxeito á normativa de incompatibilidades do persoal que presta servizos na Administración Pública.*

2.6. *Reservaras os seguintes postos:*

2.6.1. *O 10% para atender ás persoas pertencentes a colectivos de urxencia identificados polo C.I.M. de Vigo, no último ano previo á Convocatoria. O servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo realizará a estas persoas candidatas unha entrevista para seleccionar as definitivas en base ó seu itinerario sociolaboral.*

2.6.2. *O 5% para ás persoas pertencentes ao colectivo de discapacitados, cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, debidamente acreditada, sempre que a discapacidade non sexa incompatible coas funcións a desenvolver.*

2.6.2.1. *Os discapacitados que se vaian contratar, previo á contratación deberán solicitar o “Certificado de Aptitude” para o desenvolvemento do posto de traballo ao que vaian estar adscritos, debendo facelo á Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Pontevedra. A contratación dependerá do sentido do Certificado emitido. A solicitude irá acompañada de Certificado no que se lle recoñece a condición de minusválido e da Descrición do posto*

de traballo a desenvolver (contido do posto, útiles a empregar, produtos químicos a manipular, etc...).

### 3. *Proceso de Selección.*

3.1. *Conforme establece o Acordo Marco de Regulación das Condicións Sociolaborais das Contratacións Realizadas no Marco do P.M.E. 2008-2011, o baremo e sistema de clasificación das persoas traballadoras-beneficiarias do UTIL, a efectos de confeccionar as correspondentes listas de candidatos/as, réxese polas bases detalladas a continuación*

3.1.1. *O proceso de selección será realizado polo servizo de Promoción Económica e Emprego e do Equipo Técnico do UTIL de acordo cos criterios establecidos e conforme ó seguinte procedemento:*

3.1.1.1. *Convocatoria pública a través da prensa.*

3.1.1.2. *Recollida da documentación e baremación conforme ós criterios de selección estipulados.*

3.1.1.3. *Publicación da lista de candidatos/as excluídos/as, e apertura dun prazo de 10 días para aportar a documentación non presentada motivo da exclusión.*

3.1.1.4. *Elección dos candidatos e comprobación da veracidade dos datos, previa á sinatura dos contratos, pola Unidade de Persoal.*

3.1.1.5. *Apertura dun prazo de 10 días de presentación de alegacións.*

3.1.2. *Selección definitiva de beneficiarios/as.*

3.1.2.1. *Recoñecemento médico a os beneficiarios seleccionados.*

3.1.2.2. *Contratación dos beneficiarios seleccionados.*

3.2. *Criterios de Selección Xerais para os Beneficiarios/as do UTIL:*

3.2.1. *Establécense os seguintes supostos:*

3.2.1.1. *Pertencer a algún dos seguintes colectivos:*

3.2.1.1.1. *Persoas que foran vítimas de violencia doméstica no ano e medio previo a convocatoria correspondente, debendo acreditalo cun informe dos Servizos Sociais acompañado da denuncia correspondente, ou ben a través de outro medio que determine a Comisión Paritaria de Seguimento*

3.2.1.1.2. *Persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior o 33%, debidamente acreditada mediante certificación oficial, sempre que a discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo, segundo o pertinente informe médico.*

3.2.1.1.3. *Mulleres, de tal xeito que tentarase que o 60% das prazas do UTIL para cada quenda sexan cubertas por mulleres.*

3.2.1.1.4. *Mozos/as entre 18 e 25 anos, inscritos/as como demandantes de primeiro emprego, entendendo como tal aquela experiencia laboral menor de 6 meses, e sen titulación de carácter profesional, é dicir, non posuír titulación en FP II, ciclos formativos de Grado medio ou superior ou titulacións universitarias.*

3.2.1.1.5. *Maiores de 45 anos, inscritos nas oficinas de emprego.*

3.2.1.1.6. *Desempregados/as de longa duración entendendo por tales aquelas persoas cun mínimo de un ano de antigüidade na data de inscrición como demandante de emprego na correspondente oficina de emprego.*

3.2.1.1.7. *Tentarase establecer unha cuota de participación mínima para cada colectivo, ademais das especificadas para os colectivos considerados preferentes.*

3.2.1.1.8. *De cara ao proceso selectivo, considéranse entre os anteriores, dous tipos de colectivos según o grao de prioridade da súa inclusión no mesmo:*

3.2.1.2. *Colectivos Preferentes (serán considerados de máxima prioridade):*

3.2.1.2.1. *Persoas vítimas da violencia doméstica.*

3.2.1.2.2. *Persoas discapacitadas.*

3.2.1.3. *Colectivos Básicos: son todos os demais colectivos sinalados.*

3.2.1.4. *Terase en conta, ademais, se reúnen as características necesarias para ser incluídos en máis dun colectivo anteriormente citado. Deste xeito, priorizando a pertenza a un colectivo preferente por unha banda, e por outra considerando que a pertenza da mesma persoa a máis dun colectivo, ambas condicións constitúen un factor de desigualdade.*

3.3. *Baremo de situación:*

3.3.1. *Colectivo no que se integra. (A puntuación máxima será de 4 puntos).*

3.3.1.1. *Pola pertenza a cada un dos colectivos preferente, concederase 1 punto.*

3.3.1.2. Pola pertenza a cada un dos colectivos básicos, concederanse 0.5 puntos.

- 3.4. Ingresos económicos de unidade familiar.<sup>\*1</sup> (A puntuación máxima será de 5 puntos). Valoraranse os ingresos do 2007 que sexan inferiores o 75% do salario mínimo interprofesional correspondente ao ano 2007 (7.988,40€), segundo o seguinte baremo:

<u>Intervalos de ingresos</u>		<u>Puntos</u>
-----	1.198,26	5
1.198,27	2.396,52	4
2.396,53	3.594,78	3
3.594,79	4.793,04	2
4.793,05	5.991,30	1

- 3.5. Cargas familiares\* ata a data de presentación das solicitudes (A puntuación máxima será de 2 puntos):

- 3.5.1. Por cada fillo/a e/ou acollido/a legalmente menor de 18 anos 0,3 puntos.  
3.5.2. Por cada fillo/a e/ou acollido/a e/ou maior de 65 anos, con incapacidade igual ou superior ó 65% (en 1º grao de parentesco). 0,3 puntos.  
3.5.3. Por cada fillo/a e/ou acollido/a e/ou maior de 65 anos, con incapacidade entre un 33% e un 64% (en 1º grao de parentesco). 0,2 puntos.  
3.5.4. Por cada fillo/a entre 18 e 26 anos sen ingresos propios 0,1 puntos.  
3.5.5. Maiores de 65 anos ao seu cargo (en 1º grao de parentesco). 0,1 puntos.

#### 4. Categorías obxecto de selección:

Se seleccionará persoal para as categorías de peóns e oficiais.

##### 4.1. Peóns

4.1.1. Funcións: É o verdadeiro beneficiario deste programa, xa que tódalas actuacións do UTIL teñen o obxectivo da súa formación nalgún dos oficios que se desenvolven no programa, xunto coa obtención dunha experiencia laboral. Polo tanto a súa función será a de axudar ó oficial ó mesmo tempo que tratar de aprender o máximo do oficio.

4.1.2. Requisitos: Para ser admitido/a ás probas de selección de ditas prazas será necesario cumprir os seguintes

4.1.2.1. Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/1993, de 23 de decembro e R.D.800/1995, de 19 de maio, así como o preceptuado na Lei Orgánica 14/2003, do 22 de decembro, que reforma a Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.

4.1.2.2. Ter 18 anos cumpridos e non exceder o límite de idade previsto para a xubilación forzosa de conformidade coa lexislación vixente.

4.1.2.3. Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais dos postos convocados.

4.1.2.4. Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade de acordo coa lexislación vixente, nin ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas.

4.1.2.5. Para a selección dos postos de peóns, débese estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Vigo na data da convocatoria.

4.1.2.6. Estar empadroad/a no Concello de Vigo con tres meses de antigüidade como mínimo dende a data da convocatoria.

4.1.2.7. Non poderán participar na mesma quenda do UTIL dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar.

4.1.3. Documentación a presentar: As persoas interesadas deberán presentar no lugar e datas que se indiquen na publicación da presente convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello e na prensa local, a seguinte documentación:

1 \* Para a valoración dos puntos 3.4 e 3.5, considéranse como integrantes da unidade familiar aquelas persoas vinculadas ao solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o primeiro grao, que convivan con aquel e sempre que figuren empadroados no enderezo do mesmo.

\*

- 4.1.3.1. *Impreso de solicitude debidamente cumprimentado, no que se poderá expresar o oficio de preferencia (aínda que non será vinculante).*
- 4.1.3.2. *Fotocopia do D.N.I. de cada un dos membros da unidade familiar, no caso daquel/es menor/es que non o teñan, fotocopia do libro de familia onde figure/n o/s mesmo/s.*
- 4.1.3.3. *Fotocopia do Libro de Familia (das follas onde figuren os membros da unidade familiar) e do Certificado de Parella de Feito nos casos en que proceda.*
- 4.1.3.4. *Fotocopia da Tarxeta de Demanda de Emprego da persoa candidata.*
- 4.1.3.5. *Informe de Vida Laboral actualizado da persoa candidata e de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, emitido polo organismo público pertinente, como documento oficial acreditativo.*
- 4.1.3.6. *Declaración xurada dos ingresos percibidos por cada un dos membros da unidade familiar no ano anterior a convocatoria.*
- 4.1.3.7. *Autorizacións ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, para solicitar información de carácter tributario, de ingresos percibidos e/ou patrimonio, de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, a:*
- *Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (Facenda Pública).*
  - *Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
  - *Instituto Nacional da Seguridade Social.*
  - *Instituto Nacional de Emprego (INEM).*
  - *Consellaría de Traballo e Vicepresidencia da Igualdade e Benestar*
  - *Asociacións, ONG´s, i/ou Entidades de carácter social.*
- 4.1.3.8. *No caso de persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditación mediante certificación oficial, sempre que a discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo, segundo o pertinente informe médico.*
- 4.1.3.9. *No caso de ter algún fillo/a e/ou acollido/a legalmente cunha discapacidade recoñecida, documento acreditativo do EVO (Equipo de Valoración e Orientación) con cualificación de minusvalía.*
- 4.1.3.10. *Declaración xurada de que tódolos datos aportados polo solicitante se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.*
- 4.1.4. *Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado para alegacións.*
- 4.1.5. *O servizo de Promoción Económica e Emprego e ou o Equipo Técnico do UTIL poderá solicitar calquera outro tipo de documento que sirva para aclarar a situación social e/ou económica do solicitante e de calquera membro da unidade familiar.*
- 4.1.6. *Criterios de selección específicos para os peóns beneficiarios/as do UTIL:*
- 4.1.6.1. *Ademáis dos criterios de selección xerais aplicables ao conxunto de beneficiarios do programa (peóns e oficiais) sinalados na cláusula 3 destas bases, terase en conta o criterio de Entrevista Persoal, en base ás seguintes especificacións:*
- 4.1.6.2. *En función dos postos finalmente ofertados, realizaráselles unha entrevista persoal a aquelas persoas que posúan maior puntuación segundo os criterios xerais, e onde se valorará: o grao de motivación, interese e compromiso co programa e a adecuación ao posto solicitado.*
- 4.1.6.3. *O baremo para a entrevista será de 0 a 3 puntos. Poderase contrastar a información que se obteña de algunha das entidades máis representativas no ámbito de actuación social.*
- 4.1.6.4. *As entrevistas e/ou probas serán realizadas polo servizo de Promoción Económica e Emprego e ou o Equipo Técnico do UTIL.*
- 4.2. *Oficiais*
- 4.2.1. *As persoas seleccionadas para a cobertura das prazas de oficiais serano en réxime de dereito laboral temporal de conformidade con algunhas das modalidades previstas no art. 15 do Estatuto dos Traballadores. En tódolos casos, o persoal contratado estará suxeito á normativa de incompatibilidades do persoal que presta servizos na Administración Pública.*
- 4.2.2. *Funcións:*
- 4.2.2.1. *Executar as obras acometidas en colaboración cos encargados, xefes de equipo e o xefe operativo de obra, velando especialmente pola formación laboral dos peóns, e de xeito especial, no relativo a saúde laboral e a prevención de riscos laborais.*
- 4.2.3. *Perfil:*

- 4.2.3.1. *Experiencia profesional na súa categoría, preferentemente de alomenos un ano.*
- 4.2.3.2. *Coñecementos teórico-prácticos na rama correspondente,*
- 4.2.3.3. *Cualificación ou destreza profesional para os traballos ou obras que se lle asignen.*
- 4.2.3.4. *Capacidade para desenvolver as tarefas asignadas según especificacións técnicas ou instrucións recibidas.*
- 4.2.3.5. *Coñecementos e sensibilidade para a aplicación de boas prácticas en materia de prevención de riscos laborais.*
- 4.2.3.6. *Capacidade para traballar en equipo e coordinar tarefas, e habilidades para a relación interpersoal.*
- 4.2.3.7. *Sentido de responsabilidade e sensibilidade para a limpeza e mantemento na área de traballo.*
- 4.2.4. **Requisitos:**
- 4.2.4.1. *Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/1993, de 23 de decembro e R.D.800/1995, de 19 de maio, así como o preceptuado na Lei Orgánica 14/2003, do 22 de decembro, que reforma a Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.*
- 4.2.4.2. *Ter 18 anos cumpridos e non exceder o límite de idade previsto para a xubilación forzosa de conformidade coa lexislación vixente.*
- 4.2.4.3. *Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais dos postos convocados.*
- 4.2.4.4. *Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade de acordo coa lexislación vixente, nin ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas.*
- 4.2.4.5. *Débese estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servicio Público de Emprego de Vigo na data da convocatoria.*
- 4.2.4.6. *Estar empadroadado/a no Concello de Vigo con tres meses de antigüidade como mínimo dende a data da convocatoria.*
- 4.2.5. *Documentación a presentar: As persoas interesadas deberán presentar no lugar e datas que se indiquen na publicación da presente convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello e na prensa local, a seguinte documentación:*
- 4.2.5.1. *Impreso de solicitude debidamente cumprimentado, facilitado polo UTIL no lugar que se especifique na convocatoria, segundo modelo oficial, no que se poderá expresar o oficio de preferencia (aunque non será vinculante).*
- 4.2.5.2. *Fotocopia do D.N.I. de cada un dos membros da unidade familiar, no caso daquel/es menor/es que non o teñan, fotocopia do libro de familia onde figure/n o/s mesmo/s.*
- 4.2.5.3. *Fotocopia do Libro de Familia (das follas onde figuren os membros da unidade familiar) e do Certificado de Parella de Feito nos casos en que proceda.*
- 4.2.5.4. *Fotocopia da Tarxeta de Demanda de Emprego da persoa candidata.*
- 4.2.5.5. *Informe de Vida Laboral actualizado da persoa candidata e de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, emitido polo organismo público pertinente, como documento oficial acreditativo.*
- 4.2.5.6. *Declaración xurada dos ingresos percibidos por cada un dos membros da unidade familiar.*
- 4.2.5.7. *Autorizacións ao Servicio de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo, para solicitar información de carácter tributario, de ingresos percibidos e/ou patrimonio, de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, a:*
- *Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (Facenda Pública).*
  - *Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
  - *Instituto Nacional da Seguridade Social.*
  - *Instituto Nacional de Emprego (INEM). Consellaría de Traballo e Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.*
  - *Asociacións, ONG's, i/ou Entidades de carácter social.*
- 4.2.5.8. *No caso de persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditación mediante certificación oficial, sempre que a discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo, segundo o pertinente informe médico.*

- 4.2.5.9. No caso de ter algún fillo/a e/ou acollido/a legalmente cunha discapacidade recoñecida, documento acreditativo do EVO (Equipo de Valoración e Orientación) con cualificación de minusvalía.
- 4.2.5.10. Declaración xurada de que tódolos datos aportados polo solicitante se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.
- 4.2.6. Así mesmo, e de acordo cos necesarios requisitos técnicos que implican as responsabilidades propias desta categoría, tamén se precisa a seguinte documentación:
- 4.2.6.1. Curriculum actualizado.
- 4.2.6.2. Para acreditar a experiencia laboral presentárase orixinal da vida laboral, ademais de fotocopias de contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.
- 4.2.6.3. Para acreditar a formación recibida presentárase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.
- 4.2.7. Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado para alegacións.
- 4.2.8. Criterios de selección específicos para os oficiais beneficiarios/as do UTIL:  
Ademais dos criterios de selección xerais aplicables ao conxunto de beneficiarios do programa (peóns e oficiais) sinalados na cláusula cuarta destas bases, e para valorar a adecuación dos candidatos á categoría de oficial para os diversos postos de traballo, teranse en conta os seguintes criterios:
- 4.2.8.1. Concurso de méritos. Nesta fase do proceso, se valorará e baremarán os criterios de experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionada coa actividade a desenvolver:
- 4.2.8.1.1. Experiencia laboral (máximo 2,5 puntos).
- Por desenvolver a categoría. 0,1 puntos/mes.
- 4.2.8.1.2. Formación (recibida ou impartida) (máximo 1 punto):  
Terase en conta especialmente a formación en prevención de riscos laborais
- Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.
  - Por cada curso de entre 50 e 99 horas 0,20 puntos.
  - Por cada curso de entre 100 e 199 horas 0,30 puntos.
  - Por cada curso de máis de 200 0,40 puntos.
  - Outros méritos (máximo de 0,5 puntos)
- 4.2.8.2. Proba práctica (máximo 3 puntos).
- A criterio do servizo de Promoción Económica e Emprego e do equipo técnico do UTIL, poderanse realizar probas prácticas relacionadas cos funcións a desenvolver.
- 4.2.8.3. Entrevista persoal (máximo 3 puntos).
- Realizaráselles unha entrevista persoal a tódolos candidatos e candidatas presentadas ao posto de oficial, onde se valorarán tódolos aspectos psicotécnicos de adecuación ao mesmo, así como o grao de motivación, interese e compromiso co programa.
- 4.2.9. Tras a valoración dos méritos e realización das probas e entrevista correspondentes a os criterios específicos de selección dos candidatos a “oficiais” do UTIL, só se considerarán para a baremación global a aqueles considerados “aptos” de acordo cos criterios profesionais mínimos da súa adecuación á categoría de “oficial”.

## 5. Publicidade e Comisión Paritaria de seguimento.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, exporase unha relación de persoas admitidas, que será publicada no Taboleiro de Anuncios.

Posteriormente e unha vez analizada e baremada toda a documentación presentada o servizo de Promoción Económica e Emprego e o equipo técnico do UTIL presentarán á Comisión Paritaria a lista de persoas seleccionadas, ésta proporá como beneficiarios/as á Xunta de Goberno Local aquelas persoas que acaden a maior puntuación, sendo esta última quen aprobe o listado definitivo de persoas beneficiarias do UTIL. Poderán designarse suplentes que actuarán, no seu caso, en substitución dos/as titulares.

Os membros da Comisión Paritaria poderán contar coa asistencia de asesores/as, con voz pero sen voto, nas reunións que se celebren. A Comisión Paritaria reunirse cando así o solicite unha das partes, trala

convocatoria cunha antelación mínima de 48 horas. Os acordos adoptados quedarán reflectidos na correspondente acta.

6. *Orde de Clasificación definitivo, publicación de resultados e presentación de documentación.*
  - 6.1. *Promoción Económica e Emprego publicará no Taboleiro de Anuncios o listado definitivo de persoas seleccionadas como beneficiarios do programa por orde de puntuación, así como a lista de suplentes.*
  - 6.2. *Os/as aspirantes seleccionados/as deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos da presente convocatoria xunto coa que se lle indique no seu momento, na Unidade de Persoal, previamente á suscripción/sinatura de seu contrato.*
  - 6.3. *Se da comprobación da documentación se observara inexactitude ou falsidade resolverase a exclusión do proceso selectivo perdendo o/a interesado/a os dereitos e intereses lexítimos a ser contratado/a.*
  - 6.4. *Non se poderá declarar superado o proceso selectivo a un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas.*
7. *Actos e trámites.*
  - 7.1. *Cantos actos e trámites se deriven da presente convocatoria, poderán ser impugnados de conformidade co previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*
8. *Presentación de Solicitudes.*
  - 8.1. *Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.*
  - 8.2. *Prazo: 10 días naturais a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.*
  - 8.3. *Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*
  - 8.4. *Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.*
  - 8.5. *Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.*
  - 8.6. *O requisito para contratar será comprobado por esta Admnsitración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.*

**52(847).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.